cerna

revista galega de ecoloxía e medio ambiente

Outono 2008 • Número 56 • 3 €

contaminación electromagnética • enerxía solar
urbanismo destrutor • restauración hidrolóxica • solidariedae

"Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España (E4)
Medidas incluidas no Plan de Acción 2008-2012"

Sé racional, aforra enerxía

- Plan de vehículos eficientes
- Plan renove de electrodomésticos
- Mellora da eficiencia térmica na edificación
- Promoción do transporte urbano en bicicleta
- Promoción de equipos eficientes na industria

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

inega
INSTITUTO
ENERXÉTICO DE GALICIA

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO Y COMERCIO
IDAE

ACTUALIDADE 4
ANCARES E COUREL 8
PROTECCIÓN ANIMAL 10
RECURSOS 13
CULTURA
ART NATURA 14
Belén Rodríguez
CONTAMINACIÓN E SAÚDE
LUIS DÍAZ CABANELA 16
Entrevista por Belén Rodríguez
A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA 18
Fins Eirexas
AS PONTES: UN REGALO ENVELENADO 22
Xoán Ramón Vidal Romaní
ENERXÍA
USO DA ENERXÍA SOLAR NA UDC 26
Xesús Xiz
URBANISMO
OS PXOM 30
Lois Toirán
A DESTRUCIÓN DA IDENTIDADE 32
Felipe Senén
FORESTAL
RESTAURACION HIDROLÓXICA 34
Fernando Malvar
AS UNIDADES DE XESTION FORESTAL 36
X. A. Meixide
SOLIDARIEDADE
IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO 38
Andrea Manuel García Corzo
ECOLOXÍA NO COTIÁN 40
Ramsés Pérez
FAUNA E FLORA DE GALIZA 42
X.L. Salvadores, M.X. Castro
CREACCIÓN 45
PENICHE

DES-CONSTRUÍNDO CULTURA...

A nosa cultura e patrimonio, e por tanto a nosa identidade, é produto da interactuación do ser humano co medio. Así, ao protexer e conservar a nosa cultura e patrimonio, tamén salvagardamos o que nos identifica. Pero, sabémolo facer? A resposta a esta pregunta aparece nun magnífico artigo do museólogo e arqueólogo, Felipe Senén, onde o patrimonio natural tamén se presenta como parte da nosa identidade. Proba da relación directa entre Cultura e Natureza é a exposición Art Natura de ADEGA que deu fin ao seu percorrido durante case dous anos por toda Galiza co obxecto de espertar conciencias. Algunhas xa espertaron, pero non todas. A planificación urbanística dalgunhas cidades galegas continúa a fomentar modelos desfasados, faltos de previsión e enfrontados a políticas de sustentabilidade. A recuperación dalgúns espazos dedicados á explotación dos recursos naturais non ofrece garantías de seguridade nin avalía posíbeis riscos. Tal é o caso da pretendida lagoa de As Pontes ou enchido da mina de Endesa, definida neste número polo Catedrático en Xeoloxía Xoán Ramón Vidal Romaní como "regalo envelenado". Faltas de regulamentación están algunhas dotacións infraestruturais relacionadas co avance tecnolóxico en materia de comunicación, como as de telefonía móbil, que xeran novos riscos para a saúde da poboación. Nunha entrevista, o médico e vogal de saúde de ADEGA, Luis Díaz Cabanela, aborda a multiplicidade de axentes insalubres e factores de risco aos que nos expomos no devir cotián.

No positivo, Cerna detalla novas opcións no uso da enerxía solar e proxectos solidarios que nos implican no desenvolvemento doutros pobos. O eido forestal fornécenos de novas experiencias de sustentabilidade, concretadas na restauración hidrolóxica das ribeiras, e permítenos dar conta das novidosas Unidades de Xestión Forestal, unha ferramenta para a xestión organizada dos montes.

En portada obras no contorno do faro de San Cibrao.
(fotografía de Alberte S.R.)

EDITORIAL

cerna

Telf. e Fax. 981 570 099
Travesa de Basquiños, nº 9 baixo
15704 Santiago de Compostela
Correo electrónico: cerna@adega.info
Web: www.adega.info

COMITÉ DE REDACCIÓN:
Belén Rodríguez, Xesús Pereiras, Ramsés Pérez, Pepe Salvadores, Alberte Sánchez e Manuel Soto.

EDITA: **ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza).** Outono - 2008

Nos artígos asinados, respéitase a normativa lingüística do texto orixinal. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, esceptuando as fotografías, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA edítase en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuír á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

DIRECCIÓN
Manuel Soto

REDACCIÓN
Belén Rodríguez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Alberte SR

FOTOGRAFÍA
Alberte Sánchez - Ramsés Pérez

ADMINISTRACIÓN
Silvia Amor

IMPRESIÓN
Grafinova, S.A.
D.L.: C-913/1986 ISSN: 1136-2677

EUME E UMIA, CONDENADOS A MORRER

A pesares das actuacións que está a levar a cabo a Xunta para contrarrestar a acidez do río Eume ao longo de toda a bacía, non se están a acadar os obxectivos previstos. As dificultades para recuperar un estado ecoloxicamente aceptábel do afluente, segundo ADEGA, non responden a un problema puntual. Os ecoloxistas cren que os continuos vertidos de millóns de m^3 de lamas ácidas que ENDESA deposita no río desde hai 30 anos procedentes do encoro da Capela e as emisións atmosféricas da central térmica de As Pontes, que provocan unha acidez xeralizada en toda a contorna da bacía, son as dúas causas principais do problema de contaminación crónica do Eume. Poar outra parte, ADEGA cre contraditorio que a Consellaría de Medio Ambiente estea a enfrontar a acidez do río co depósito de carbonato cálcico no encoro da Capela, 10 km máis abaixo de onde se produciron os vertidos provintes das obras da autoestrada Ferrol-Vilalba, cando a Xunta sempre negou a responsabilidade do encoro de ENDESA na catástrofe do pasado verán.

Paralelamente, ADEGA alerta de futuras ameazas que podería sufrir o Eume logo do recheo da mina de As Pontes, ao converterse noutra posíbel balsa ácida de auga que iría verter ao Eume, e tras a construción dunha barraxe na canle do río promovida por Reganosa para instalar un gasoduto até Sabón.

Outro dos ríos galegos que está a vivir unha situación lamentábel é o Umia. Logo do capítulo de contaminación protragonizado pola empresa de produtos químicos Brenntag, as augas deste afluente volven tinguirse de cor verde, semellando estar totalmente eutrofizadas e barallándose a contaminación pola cianobacteria *Microcystis*, unha microalga que se volve tóxica en medios estancos. ADEGA insta á Xunta a que declare o río en estado de alerta por contaminación, do que se abastecen 8 concellos do Salnés e uns 100.000 consumidores, e a que inicie un estudo de viabilidade para a demolición do encoro.

ESPECULACIÓN HIDROELÉCTRICA

O Parlamento de Galiza pide ao executivo central a paralización das concesións dos encoros da bacía Miño-Sil, para poder revisalas co obxecto de adaptalas á Directiva Marco da Auga. O acordo foi tomado por unanimidade entre todos os grupos políticos, despois de que os nacionalistas tomaran a iniciativa. Paralelamente, segundo ADEGA, aínda existen concesións feitas polo goberno de Fraga coas que se está a especular. Un recente informe do Consello de Contas alude a concesións de aproveitamentos hidroeléctricos realizadas no goberno en funcións do PP con Declaracións Ambientais xestionadas en catro días que, por exemplo, permiten a unha soa persoa dispoñer de 27 empresas eléctricas con capital mínimo. ADEGA alerta de que estas concesións poden servir para especular coa revenda dos dereitos de explotacións a transnacionais a prezos moi elevados. Arestora existen preto de 40 aproveitamentos outorgados daquela que aínda non están en explotación, que non foron afectados polo Decreto de suspensión e que poden executarse en calquera momento. A asociación ecoloxista esixe á Xunta que tamén paralice e investigue o estado destas concesións denunciadas polo Consello de Contas.

Xan Louzao



OS "OCOS" DA FUTURA AMPLIACIÓN DA REDE NATURA

Galiza, despois de Melilla, é o territorio do Estado con menos espazo incluído na Rede Natura (12% do territorio galego). Pese a que a ampliación da Rede Natura galega xa se anunciaba hai dous anos aínda non se efectuou. Namentres, ADEGA critica que na proposta avanzada polo goberno galego exclúense algúns espazos que noutrora se contemplaban na devandita ampliación. Tal é o caso de Laxe Brava, en Corrubedo, precisamente onde o Plano Acuícola sitúa a creación dunha piscifactoría e que se atoparía entre dous espazos xa protexidos. Os e as ecoloxistas sinalan casos semellantes en Quilmas, Merexo, Arou, Camelle ou Ribadeo. Pero ademais da industria acuícola, ADEGA tamén cre que a Xunta está facendo "recortes" dos espazos previsibelmente dignos de ser protexidos para poder dar cabida inxustificadamente a outros sectores económicos como o eólico, o hidroeléctrico, ou aos portos deportivos. Outros exemplos: os parque eólicos de "Albariño I" en Oia, "Muxía II", no LIC Serra da Groba...

O PLANO ACUÍCOLA GALEGO, APROBADO POLA XUNTA

O Consello da Xunta aprobou finalmente o Plano Galego Acuícola, malia a oposición ecoloxista, plataformas de veciños afectados e doutros sectores sociais, co conseguinte decreto de expropiación dos espazos litorais onde serán situadas 24 granxas de peixe cultivado. Os colectivos opostos ao Plano continuarán as súas reivindicacións até esgotar a vía administrativa e non descartan promover accións xudiciais. De feito, tanto ADEGA como as plataformas en defensa do litoral veñen de presentar o seu Plano de Acción para salvar a costa galega da ocupación das granxas acuícolas, no que establecen unha batería de recursos xudiciais, denuncias á Fiscalía e mesmo ante as institucións europeas. Os denunciantes alegan que houbo informes desfavorábeis a este planeamento desde as Secretarías de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que foron obviados e reiteran os argumentos de oposición baseados no impacto ambiental de espazos emblemáticos da costa galega, a afección a espazos de Rede Natura, a precariedade dos empregos xerados, a contaminación do mar por vertidos e as consecuencias sociais e económicas para outros sectores produtivos, así como para os fondos de capital público.

ACUINOR PERDE OUTRA BATALLA CONTRA ADEGA

A comezos de setembro tivo lugar a vista oral da demanda interposta por ACUINOR contra ADEGA por paralizar as obras da piscifactoría de Rinlo, no LIC de As Catedrais (Ribadeo), pola que reclama 30.000 euros á entidade ecoloxista. Este foi un intento máis da empresa promovida por Ramón Álvarez-Cascos de responsabilizar a ADEGA da frustración do seu proxecto acuícola na Mariña luguesa, cuxas obras polo momento están paralizadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Desta volta, a xustiza volveulle dar a razón a ADEGA e desestimou a demanda de ACUINOR. Noutrora, a empresa xa realizara unha denuncia penal contra varios membros de ADEGA que foi resolta tamén a favor do colectivo ecoloxista.

Fins Eirexas

EN BREVE

Praga do Carballo. O escaravello *Altica quercetorun*, chamado "a praga do carballo", está a afectar ao interior das provincias de Lugo e Ourense de xeito considerábel. Incide na defoliación sobre todo do carballo, pero tamén noutras especies como as avelairas ou os amieiros. Para combatela, ADEGA recomenda evitar o uso de pesticidas, pois poderíanse afectar a outros seres vivos e mesmo aos depredadores da praga.

Lodos en Montederramo. Veciños e veciñas da localidade de Marrubio, no concello de Montederramo (Ourense), quéixanse das molestias que lles está a provocar o depósito de lamas de depuradora nas terras particulares próximas ás súas vivendas. Un caso máis que insta á Consellaría de Medio Ambiente a pór remedio ao tratamento destes residuos, con elevados niveis de metais pesados e outros contaminantes.

Plataforma en Defensa da Ría de O Burgo. Organizou o pasado 18 de setembro outra manifestación para reclamar á administración pública que asuma o compromiso de sanear a ría e de salvagardar o seu interese ambiental e socioeconómico.

Axudas de Medio Ambiente. ADEGA denuncia a falla de obxectividade da Consellaría de Medio Ambiente á hora de convocar axudas para entidades ambientalistas neste ano 2008. A orde non pasou polo Consello Galego de Medio Ambiente nin foi exposta nin debatida polo Observatorio Galego de Educación Ambiental.

O uso de herbicidas nas estradas galegas. Volve ser motivo de denuncia por parte de ADEGA, pola contaminación que estes químicos xeran nas augas, pola súa afección na cadea trófica e polo seu impacto na biodiversidade. Nomeadamente, criticouse a limpeza con herbicidas das beiras da autoestrada Santiago-Ourense, que arrasou coa vexetación de ribeira no río de Santa Lucía, nos concellos de Compostela, Teo e Vedra.

Proxecto Ríos. Realizou unha xornada de limpeza simultánea dos ríos galegos e tres semanas de Campamento no río Tea, dentro da campaña de outono 2008. Desta volta, incide na problemática dos anfibios nos ríos e nos proxectos de recuperación de charcas.

O carballo anano do Monte Pindo. Xa é especie protexida e incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, na categoría de "vulnerábel". O acordo foi adoptado o 25 de setembro no Observatorio Galego da Biodiversidade, tras a proposta de ADEGA.

UN REXISTRO DE 120.000 ANOS EN PERIGO

ADEGA e a Universidade de Compostela queren defender o xacemento xeolóxico en forma de turba máis importante do litoral galego, que data do penúltimo período interglaciar e que serve para o estudo paleoclimático, paisaxístico e ecolóxico dos últimos 120.000 anos nos rexistros de toda a área de montaña que alimenta á zona do areal. Atópase na praia de Arealonga, en Foz. Alí a Dirección Xeral de Costas ten previsto construír un muro de formigón para soster o cantil, o que implicaría a inaccesibilidade e ocultamento do achádego, seguindo o proxecto orixinal. Os expertos cualifican esta acción como un atentado contra a ciencia e a cultura, ademais de ser ineficaz para o sostemento do cantil, polo que solicitan a Costas a substitución deste proxecto e piden que os restos vexetais se declaren Monumento Natural. Polo momento, conseguiron salvagardar das obras a zona central da praia, onde se atopa a maior parte do xacemento.

Daniel López

FONTNATURA: AUGA INSUSTENTÁBEL

ADEGA Lugo e os veciños e veciñas da localidade de Serén, no concello de Friol, aproveitaron a última oportunidade para presentar alegacións contra a captación de auga mineiro-natural que a sociedade FONTNATURA quere realizar neste lugar, despois de dous anos de reivindicacións. Trátase da captación dun caudal de 9.000 litros/hora, cuxa zona de restrición afectaría a varias parroquias de Friol nas que a meirande parte dos veciños se dedican á actividade agrogandeira. Estes temen que a embotelladora lles impida continuar coa súa actividade agraria e que a captación continuada dun caudal tan importante poida secar os pozos de uso doméstico.

LAGARES E SAMIL, CONTAMINADOS

O incendio de once naves no polígono industrial de Vigo, xerado nas instalacións de Quimi-Zor, deixa ao descuberto á situación irregular que ostentan moitas das empresas que actúan na zona, ao carecer de permiso de actividade. En consecuencia, vertéronse ao río Lagares produtos contaminantes e tóxicos que a empresa non tiña declarados, afectando posteriormente á ría e á praia de Samil. O movemento ecoloxista critica a ineficacia da Xunta á hora de inspeccionar estas irregularidades e a ausencia dun censo de empresas contaminantes e perigosas, tal e como se prometera acometer desde a Consellaría de Medio Ambiente tras o accidente da Brenntag, hai dous anos.

URBANISMO SALVAXE

ADEGA prevé recorrer aos tribunais para denunciar a suposta situación de irregularidade da urbanización da Saíña, en Valdoviño (Ferrol), e non descarta actuar pola vía penal. O colectivo refrenda a súa postura a través dun informe do Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de A Coruña, dependente da Consellaría de Política Territorial, onde se sinalan graves infraccións con respecto ao Réxime de Servidume de Protección de Costas, á Lei do Solo, afeccións ao patrimonio cultural e natural, por intervir nunha zona catalogada como zona ZEPA, RAMSAR (lagoa e areal de Valdoviño) e Lugar de Interese Comunitario. Asemade, estanse a facer as obras cunha autorización municipal caducada e a Administración autonómica non dispuxo ata o de agora paralizalas, aínda que nun principio a Consellaría de Medio Ambiente admitiu a necesidade e elaborar unha avaliación do impacto ambiental. A urbanización, localizada na praia Frouxeira, prevé a construción de 69 chalés e un hotel, promovidos por "Construcciones Rías Gallegas S.A".

En Vigo, numerosos colectivos veciñais e ecoloxistas alegan contra o recente Plano Viario Integral da cidade, "Vigo Íntegra", presentado pola Dirección Xeral de Obras Públicas. A Rede Ría Non Se Vende, ADEGA ou a FEG (Federación Ecoloxista Galega), entre outros colectivos, critican a cantidade de autoestradas previstas, co seu consecuente fomento das emisións de CO_2, o incremento de metais pesados, a contaminación acústica, a perda da biodiversidade, a destrución de acuíferos, o risco de enchentes, ou a ausencia de investimentos en camiños de ferro. Tamén esixen a revisión deste planeamento sectorial, apostando pola promoción do transporte colectivo e, nomeadamente, o tren de proximidade para a área metropolitana de Vigo.

PROTECCIÓN ANIMAL

Josiño

Diferentes organizacións ecoloxistas galegas esixen a publicación do borrador de Lei de Protección e Benestar Animal de Galiza, tras ser anunciado pola Xunta hai máis de un ano. Solicitan que a reforma da actual lei, vixente desde 1993, estipule o endurecemento de sancións por maltrato e abandono e a inhabilitación de tenencia de animais no caso de ser demostrada a vulneración dos seus dereitos. Faise especial fincapé na regulación dos espectáculos tradicionais nos que interveñan animais, reclamando a erradicación dos mesmos no territorio galego. Ao mesmo tempo, máis dunha vintena de colectivos ecoloxistas representados na Plataforma "Galicia, Mellor Sen Touradas" protagonizaron varias manifestacións en contra de sendas touradas celebradas en varias localidades galegas durante os últimos meses (Pontevedra, Negreira, Muíños...). Denuncian que este tipo de espectáculos sexan financiados con capital público e piden aos municipios que se declaren "concellos antitaurinos" co propósito de excluílos dos seus programas de festas.

ALTERNATIVAS SOSTÍBEIS ÁS PISCIFACTORÍAS

A plataforma medioambiental de Corrubedo e o grupo nacionalista do concello propoñen ao concello de Ribeira que declare o Cabo de Laxe Brava como Espazo Natural de Interese Local, co obxectivo de protexer o lugar e evitar a instalación da granxa acuícola previsto no planeamento de acuicultura da Xunta de Galiza. Esta é unha das accións específicas que xa puxeron en marcha os colectivos opositores ao recentemente aprobado Plano Acuícola Galego na Costa da Morte. De feito, Laxe Brava atópase no medio de dous espazos protexidos e fora proposta hai un ano pola Xunta para formar parte da futura ampliación da Rede Natura galega, pero agora xa non é un dos espazos candidatos.

En Quilmas (Carnota), creouse a Cooperativa "Raíña Lupa" de Agricultura Ecolóxica para darlle un uso sostíbel e produtivo aos terreos nos que Stolt Sea Farm pretende levantar outra piscifactoría e que, presumibelmente, poderían ser expropiados con este fin. Arestora, este proxecto de produción ecolóxica está en fase experimental, pero xa está dando os seus primeiros froitos.

Josiño

EN BREVE

A NAVE DE CARGA E DESCARGA DE ENCE NA RÍA DE RIBADEO foi desbotada por Portos de Galiza, tras escoitar as manifestacións veciñais en contra, tanto a un lado como ao outro da ría. A decisión foi aplaudida por ADEGA, xa que a nave tería 30 metros de altura e produciría, segundo o colectivo ecoloxista, graves alteracións na dinámica e hidrodinámica da ría, incluída en Rede Natura. Porén, ADEGA lembra que aínda existen proxectos en marcha moi agresivos en espazos emblemáticos do litoral ribadense, como as futuras piscifactorías de Corvo (250.000 m^2) e Foxo Longo (240.000 m^2).

TREN. Adega propón ás administracións competentes a revitalización do ferrocarril na provincia e capital luguesas coa reclama da creación das conexións Lugo-A Mariña e Lugo-Santiago con dupla vía electrificada. Faino nun momento no que RENFE deixa de dar servizo do talgo de Lugo con destino a Barcelona.

Xosé Marra

BIOCOMBUSTÍBEIS. ADEGA, a Sociedade Galega de Historia Natural, Cooperativa Xoaniña e Verdegaia, alertaron sobre os efectos ambientais e socioeconómicos que teñen as actividades ligadas á produción de biocombustíbeis, con motivo da entrada do primeiro barco cargado de aceite á planta de ENTABAN, en Ferrol. Entre eles, destacan a destrución da masa forestal, intoxicacións, fame, conflitos sociais, contaminación e aumento do efecto invernadoiro no planeta.

ANCARES E COUREL, AVANZAMOS NA PRO

ANCARES (LOIS TOIRÁN)

Lois Toirán



Castelo de Doiras en Cervantes

Moita xente considera que Os Ancares xa son na actualidade Parque Natural. Pero hai que indicar que, abarcando diferentes superficies, hoxe en día é Reserva Nacional de Caza, Zona de Protección do Oso Pardo, Lugar de Interese Comunitario e Zona e Especial Protección de Aves, Rede Natura, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais e tamén Reserva da Biosfera.

Nos Ancares a Consellaría de Medio Ambiente a través do seu delegado provincial xunto cos alcaldes dos concellos de Navia e Cervantes levaron a cabo unha serie de reunións cos veciños e veciñas para explicar en que consistiría a creación do Parque Natural cuxo proxecto de ordenación de recursos naturais está en forma de borrador antes da posterior exposición pública. A resposta que semella unánime nos medios de comunicación por parte da veciñanza ante esta proposta é a de opoñerse a este proxecto. Mesmo se vén de crear unha plataforma en contra deste proxecto.

Porén, hai tamén veciños e veciñas interesados que están a informarse e participar en reunións xunto con ADEGA, e mesmo hai parroquias que xa se teñen manifestado abertamente a favor da súa inclusión dentro do Parque Natural. A súa postura vese enfrontada a posicións hostís e mesmo agresivas (o lume foi é segue a ser unha arma de disuasión e ameaza) por parte de determinadas persoas vinculadas a distintos grupos, mesmo políticos. E é aquí onde hai que buscar unha das explicacións desta oposición por parte dunha importante parte da poboación dos Ancares, especialmente en Navia de Suarna.

Os tres grupos políticos representados nos citados concellos e nas distintas consellarías están actuando dun xeito cando menos pouco responsábel á hora de abordar a creación desta figura. Ningún dos partidos políticos (en principio a favor do parque) está realmente convencido nin está traballando por esta ferramenta que podería ser unha máis para paliar na medida do posíbel a situación ambiental e social límite que se está a dar nesta comarca (se a poboación evoluciona ao ritmo actual, os Ancares quedarán sen unha soa persoa vivindo nun prazo aproximado de 30 anos!).

É irresponsábel que, por exemplo, concelleiros do PP de Navia estean a utilizar a figura do Parque contra o actual alcalde socialista, cando hai 4 anos o PP presentaba á exposición pública un proxecto de Parque Natural que logo retirou. Pola súa banda, foi o PSOE quen fixo unha forte campaña contra a Deputación de Lugo, daquela dirixida polo PP, pola nominación dos Ancares como Reserva da Biosfera; mesmo ten apoiado mocións nalgún concello en contra da tramitación do mesmo Parque Natural que o seu grupo defende na Consellaría. Desde o BNG non se está a manter unha postura clara que non sexa a de enfrontamento entre as delegacións das distintas Consellarías da Xunta a través da veciñanza e dos medios de comunicación.

Cando de eleccións se trata o "porta a porta" é unha táctica habitual dos distintos partidos. O tema do Parque Natural debera ser un elemento unificador de esforzos onde o "porta a porta" por parte dos tres partidos e a toma en consideración da participación da veciñanza fose un seguro de que o que se fixera resultara froito dun consenso e garantía de éxito.

A manipulación e a terríbel falta de información, sensibilización e mesmo sentido común que nestes momentos se está a dar na comarca aconsella tamén retomar o traballo dende o principio, onde as loitas políticas sexan dignas e non simplemente ruíns.

O equipo de traballo que supón o Grupo de Desenvolvemento Rural Ancares-Courel no que ADEGA está presente debera servir nestes momentos como lugar de traballo onde estudar, investigar e definir dende distintos ámbitos cal é o papel que o medio ambiente vai ter no desenvolvemento que se busca desta comarca. Hai esperanzas de que así sexa a pesares do papel deplorábel dos representantes dos concellos que buscan a mínima escusa para abandonar as reunións.

En todo caso, ADEGA seguirá a dar información e a buscar apoio á figura do Parque por considerar que constitúe unha ferramenta útil e válida, susceptíbel de ser protagonizada na súa xestión pola veciñanza, as asociacións a maiores das institucións e entidades varias.

Lois Toirán

Os incendios forestais son unha ameaza para o Parque Natural (lume no Cotrillón, núcleo dos Ancares)

TECCIÓN COMO PARQUE NATURAL?

COUREL (BRANCA VILLARES)

Branca Villares

A Serra caracterízase pola súa beleza paisaxística

A Serra de O Courel conta con diversas figuras de protección, practicamente as mesmas que Os Ancares, posto que están contiguos xeograficamente e teñen singularidades e problemáticas semellantes, pese ás súas diferenzas ecolóxicas. De aí que dende diferentes ámbitos se promova a súa xestión conxunta, e que incluso a base social courelá solicitara a súa adhesión voluntaria ao Grupo de Desenvolvemento Rural de Os Ancares.

Tamén comparte con Ancares a súa controversia na declaración de Parque Natural, aínda que por motivos diferentes, e sufrindo procesos sociais diverxentes. Namentres asistimos a mobilizacións en contra do Parque na zona de Ancares, no Courel as manifestacións públicas e mobilizacións foron tradicionalmente a favor da declaración da Serra como Parque Natural. Pero o que define estas mobilizacións é que, na súa maioría, están apoiadas por xente de fóra do Courel. Isto non significa que os seus habitantes non queiran o Parque, xa que hai múltiples xestos por parte deles que demostran apoio e consciencia das vantaxes que para o territorio e para eles mesmos pode supoñer. Son unha parte importante dos veciños e veciñas e fan esforzos sobresaíntes: hai anos cederon terreos para a construción dunha Estación Biolóxica. O dilatado do proceso fainos sentir coma quen espera a Godot.

Noutro intento por desmitificar as restricións dos Parques Naturais, varias asociacións culturais e veciñais do Courel organizaron unha viaxe a Somiedo o pasado inverno. Pretendían demostrar aos seus conveciños que a gandería, a caza, a silvicultura, e outras prácticas tradicionais son compatíbeis co Parque Natural, o turismo e as melloras nos servizos sociais; en definitiva, o aumento da calidade de vida, unha oportunidade de emprego e de fixar poboación no rural, ademais das vantaxes da conservación da paisaxe e da biodiversidade.

Pese á viaxe e outras campañas de divulgación veciñal, segue a ser alto o número de veciños que pensan que a declaración de Parque traerá máis desgustos que alegrías. Pode pesar nisto as sucesivas e desafortunadas actuacións da Consellería de Medio Ambiente. Tamén o concello segue a ser ambiguo no seu apoio á declaración do Parque: non se opón publicamente, pero non facilita o labor de divulgación. O descoñecemento das verdadeiras implicacións, das restricións e vantaxes, dos beneficios económicos, é grande entre os veciños e veciñas. Ademais das canteiras, a caza e os réditos da xestión forestal preocupan aos propietarios do monte, pois non teñen claro como se regularán eses aspectos no posíbel Parque. E o certo é que a Administración non atina nos mecanismos de difusión da información, e non dá respostas concretas ás preguntas que se fai a veciñanza.

O medo, coñecido e de vello dalgúns habitantes do Courel, é que se pechen as canteiras. A argumentación gastada dos postos de traballo que manteñen estas pizarreiras (dos que un terzo aproximadamente ocupan veciños do Courel), perde peso a medida que avanzamos na crise económica, pois os problemas nas louseiras de Quiroga e O Barco cuestionan a viabilidade deste agresivo modelo de explotación (e xa non digamos a súa sostibilidade).

ADEGA sempre apoiou a declaración de Parque para garantir a protección ambiental das serras do Courel. Mais temos unha cousa clara: se non hai conciliación, e a declaración do Parque chega por imposición, podemos perder máis do que gañar. Pensamos que O Courel son tamén as súas xentes bravas, as cales poboaron e traballaron esas terras que agora se queren protexer. Unha xestión sostíbel de séculos foi o que conformou esa paisaxe que defendemos, e non se conservará coa súa vizosidade se os seus poboadores non a traballan. Eles teñen que ser partícipes do proceso.

Neste senso, ADEGA leva desde xullo traballando conxuntamente coa Consellería de Traballo nun estudo sobre oportunidades de emprego, vinculadas ao medio ambiente e o desenvolvemento sostíbel no Courel. Pretende ser unha achega máis a mudar a percepción negativa que moita xente ten sobre os espazos naturais protexidos e sobre a conservación do medio ambiente.

"OS REFUXIOS ESPAÑOIS ESTÁN CHEOS DE ANIMAIS PORQUE NON SE ESTERILIZAN"

Isabel Kerdudo

Este artigo recolle unha entrevista a Suzanne Lemmens e Arianne Bohmans, estudantes de veterinaria en Utrecht, nos Países Baixos. Recentemente realizaron prácticas de voluntarias no Refuxio de Bando en Santiago de Compostela.

- Como se desenvolve a carreira de veterinaria nos Países Baixos?

- Actualmente estamos a cursar o sexto e último curso da carreira tras estudarmos catro anos de teoría e dous a prácticas na clínica da Facultade. Tratamos numerosas especies (cans, gatos, vacas, porcos, cabalos, coellos, animais exóticos, paxaros) e decidimos especializarnos finalmente en animais de compañía. Tiñamos a posibilidade de marcharmos seis semanas ao estranxeiro para acabar os nosos estudos e eliximos ir a Xixón e Santiago de Compostela. Contactamos cos refuxios a través da asociación holandesa SOS Strays, unha organización que busca fogares de adopción a cans de Galiza e Asturias.

- Por que escollestes estes destinos?

- Coñecíamos o problema do elevado número da poboación canina e felina abandonada no Estado español e, polo tanto, quixemos colaborar con refuxios de animais desamparados en Xixón e Santiago de Compostela, axudando coa castración e esterilización de cans e gatos. Participamos nas operacións cirúrxicas, o que non deixa de ser tamén unha boa oportunidade de practicar, administramos as medicinas e botamos unha man en todo o que puidemos.

- En Holanda non existen refuxios como aquí?

- En Holanda a maioría dos animais de compañía cástranse cando son noviños, tanto as femias como os machos. A castración ("ovariohisteroctomía" para as femias, ou a remoción cirúrxica dos testículos denominada "orquiectomía", no caso dos machos) presenta múltiples vantaxes. Non muda o seu carácter mais prevén enfermidades como tumores e a inflamación do útero e das mamas (moi frecuentes especialmente nas gatas) e cancro de próstata. Permite así aforrar gastos veterinarios potenciais e gastos en comida. Comerá o 30% menos polo que o aforro ao longo de toda a súa vida é considerábel (fagan o cálculo sobre un media de 15 anos de vida!). Coa castración, os animais obedecen mellor e evítanse extravíos e atropelos de cans que van á procura dunha cadela en celo. Estes beneficios son comúns a cans e gatos.

Suzanne Lemmens e Arianne Bohmans

- Moita xente cre que unha cadela debe criar polo menos unha vez na súa vida, que opinades?

- Si, moita xente cre iso pero é un mito. As nais gastan moitísima enerxía para criaren a súa camada que pode ir de 1 a 12 crías nalgúns casos. Os cachorros necesitan numerosos coidados, vacinas, desparasitacións e medicamentos, tamén poden enfermar moi facilmente. Os refuxios españois están cheos de cans e gatos porque os donos non adoitan esterilizar os seus animais e non controlan a súa reprodución.

- Que vos parece o Refuxio de Bando?

- Pensamos que o refuxio de Bando está á altura dos refuxios holandeses, representa un modelo a seguir. O seu persoal traballa de forma moi profesional cos medios dos que dispoñen. Paloma Aguirre, a veterinaria e directora do centro pon todos os seus esforzos ao servizo do centro e os voluntarios e as voluntarias danlles o cariño que tanto lles falta aos animais na espera de atopar un fogar de seu. Esperemos que cada vez acudan máis persoas ao refuxio para adoptar un animal: estaranlles agradecidos toda a súa vida. Saben o duro que é vivir sen fogar nin cariño xa que son animais sociábeis. Adoitan ser educados e limpos para vivir nunha casa ou nun apartamento.

+Info: www.refuxio.org
www.abeiro.org
www.sosstrays.be
perrosadopcion.blogspot.com

CANS EN ADOPCIÓN - LAVI

Lavi é un cruce de schnauzer, naceu en 2003, pesa 25 kg, o seu pelo gris medio é moi bonito. Apareceu perdida en Lavacolla en agosto de 2006, deu a luz un cachorro que adoptaron axiña pero ela seguiu no Refuxio. Desde entón colabora nas actividades da Asociación de Dano Cerebral SARELA todos os martes pola mañá e pasea pacientemente coa persoa que acompaña, é moi doce e tranquila pero tamén lle gusta xogar. Lévase moi ben con todos os outros cans ou cadelas. Necesita un fogar porque cada día que pasa parece máis triste.

Todos os cans entréganse en adopción vacinados, desparasitados, esterilizados e identificados con microchip. Para realizar os trámites debes dirixirte ao Refuxio de Bando (San Marcos, dirección ao Aeroporto, Santiago de Compostela) de luns a domingo entre ás 10h30 e ás 13h30.

(Teléfonos: 981 57 59 57 / 646 49 28 35)

Refuxio de Bando, Santiago de Compostela. Coa colaboración de ADEGA.

MORRER COMA CANS ENVELENADOS NUN PARQUE NATURAL

Cabras pastando nunha antiga canteira abandonada

texto e foto: Xan Carlos Fernández*

No mes xullo deste verán pasado, en Adega-Ourense recibimos por teléfono unha denuncia coma tantas outras. Mais esta era especial; dicíannos que morreran cinco cans, presuntamente, envelenados no territorio do Parque Natural do Xurés. Chámanos o dono. Facemos indagacións, coma sempre. Trátase de cans raza "mastín leonés", moi mansiños que *traballan* axudando a gardar un rabaño de 600 cabras que pacen ceibes dentro do territorio protexido do Parque. Pertencen a unha explotación modélica. Fernando, o propietario, leva máis de 20 anos loitando por vivir nun territorio hostil para os emprendedores. Os inimigos aos que combate son moitos, o peor deles é unha veciña chamada "Administración" que ten unha casa que denominan Sede do Parque, sita fronte á Casa do concello de Lobios. Os cidadáns contrataron a esta señora para que coide e protexa a natureza do Parque e páganlle moi bo salario. Ata lle deron coches todoterreo cos que se dedica a pasear polas estradas principais.

No territorio do Parque Natural ocorren moitas cousas todos os días; a xente tira lixo onde lle peta, hai empresas, tamén contratadas pola señora Administración, que se dedican a repoboar as zonas queimadas con piñeiros cada vez que arden os anteriores.

Cando Fernando atopou no monte os cans mortos foi á casa da veciña Sra. Administración a lle comunicar o que vira e que sospeitaba que os animais foran envelenados, pero esta señora díxolle que ela non podía facer nada. Malia esta resposta, o propietario seguiu matinando en que quería unha explicación de como e porqué morreron os seus cadeliños. Dirixiuse tamén a outro concello pero este tampouco lle ofreceu amparo nin fixo nada por saber que lles acontecera aos animais. Aos tres veciños suplicou para que fixeran algo por investigar como morreran os cans. Tamén mandou información e cartas aos xornais. Pola súa conta recolleu mostras de vísceras dos corpos dos animaliños e gardounas no frigorífico.

Desesperado e canso de tanta ineptitude preguntou se alguén do mundo das asociacións ecoloxistas lle poderían axudar. Un amigo faloulle de ADEGA. De inmediato presentamos as denuncias nos Departamentos competentes para os que traballa a veciña Administración do Parque (Medio Ambiente, Sanidade). Fernando dos Santos, uns días máis tarde, cando andaba no monte coas cabras sobre aquelas altitudes tan fermosas do Xurés, viu que dous gardas forestais, que traballan para a Señora, andaban á procura dos cadáveres dos cans. Non os atoparon porque nin sequera falaron co dono que sabía onde estaban. Mais era tarde.

Tamén chamou a un programa de queixas da televisión pública e foron gravar un documental á explotación. Cando entrevistaron ao Director do Parque (o xefe dos criados que ten traballando a Señora Administración), este atreveuse a sinalar que tan axiña como tiveron coñecemento da morte dos animais activaron un protocolo para acordoar a zona onde morreran.

O de vivir de costas á realidade vén de vello no Xurés. Nos anos 40 do pasado século, Lobios tiña 10.000 cabezas de gando ceibe extensivo. O franquismo repoboou os lugares de pasto con milleiros de piñeiros. A resposta da veciñanza foi a dos incendios forestais dos anos 60. Cando en 1993 se crea o Parque, volveron de novo os incendios. E os responsábeis políticos aínda hoxe non teñen en conta á veciñanza.

Fernando xa é un novo socio de Adega. Grazas á Sra. Administración pola colaboración.

* Esta crónica da morte duns animais asínaa Xan Carlos Fernández, membro de Adega Ourense, pero está contada verbalmente polo descritor dos feitos, Fernando dos Santos.



CANDO A INFORMACIÓN SE CONVERTE EN COÑECEMENTO

REVISTA MENSUAL DE INFORMACIÓN PARA O DEBATE

SUPLEMENTO DE LIBROS DE TEMPOS NOVOS

REVISTA GALEGA DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

TEMPOS DIXITAL
Información, opinión e debate na rede.
www.temposdixital.com

RECURSOS

Ramsés Pérez

LIBROS

GUÍA MICOLÓXICA DOS ECOSISTEMAS GALEGOS

Marisa Castro Cerceda, Alfredo Justo Fernández, Purificación Lorenzo Castro e Ana Soliño Pérez. Ilustracións; Calros Silvar Baia Galego (448 páx.)
ISBN: 978-84-96526-23-5

A guía, que recolle as 556 especies máis habituais en Galiza, é especialmente importante para a Micoloxía Galega, porque conxuga nun mesmo traballo a experiencia herdada dos nosos maiores e mestres co zume novo das últimas xeracións de micólogos, formados profesionalmente nas nosas universidades.

A distribución das especies ao longo da obra é diferente ao que se ve habitualmente. Faise por ecosistemas, de tal maneira que cando pasees por unha fraga ou por un bidueiral poidas dirixirte ás páxinas relativas a estes hábitats, o que che facilitará a identificación "de visu".

A guía, dirixida tanto a profesionais como a persoas afeccionadas á micoloxía, segue tamén dúas máximas, unha do saber popular, "só se valora e se pode conservar aquilo que se coñece", e a outra do noso gran fabulador Álvaro Cunqueiro, "...dicir rula e abidueira e dorna e fonte... fanme dono da rula e da abidueira e da dorna e da fonte...", para indicar que só existe e posuímos aquilo que ten un nome, aquilo que coñecemos.

GUÍA DOS CAMIÑOS DO EUME

Chano Eiroa
Xerais
Galego e español
(200 páx.)
ISBN: 978-84-9782-862-8

O río Eume percorre algúns dos ecosistemas máis valiosos e, á vez, máis ameazados de Galiza. As turbeiras da Serra do Xistral e as fragas do Eume. Parque Natural, son o nacemento e desembocadura deste curso de 80km. de axitada natureza, principio e fin dun percorrido polos antigos camiños das Terras do Eume.

A medio camiño entre guía e libro de viaxes, atravesando os ríos, bosques e aldeas do Eume, este primeiro libro de Chano Eiroa apróxiase dunha engaiolante paisaxe que se descobre a través de rutas (camiñadas dun día); travesías (de dous días) e aproximacións polos corredores naturais.

Esta guía busca e repasa 200km. de camiños, corredoiras, pistas, rozas e pasos de gando onde dorme a pureza do bosque atlántico. Só con esta cadencia do camiñante, se abre a natureza para que a súa esencia penetre e quede en nós, co seu clima, a súa vida salvaxe, a súa arquitectura tradicional e os seus habitantes.

AUGA E SUSTENTABILIDADE. ENFOQUES DUNHA NOVA POLÍTICA DE AUGAS

T.S. Cuesta e X.X. Neira (ed.). Universidade de Santiago (USC)
Galego, (165 páx.)

Este libro recolle os relatorios dun curso de verán da USC celebrado en xullo de 2008 en Sada. Son en conxunto dezaseis artigos que versan sobre diferentes aspectos da xestión da auga, desde a cuestión xa clásica mais non resolta da contaminación, achegando novos enfoques nesta materia (saneamento ecolóxico, contaminantes emerxentes, etc.), até os requirimentos da Directiva Marco da Auga e o enfoque centrado nos indicadores biolóxicos da calidade dos ecosistemas acuáticos, pasando por temáticas tan diversas como a auga e o medio rural, os bosques, o cambio climático, os recursos mariños ou o efecto barreira das obras hidráulicas son algunhas das temáticas tratadas.

VÍDEO



ITOITZ HUSTU ARTE (ATÉ BALEIRAR ITOITZ)

Itoitzekiko solidarioak (Solidarios con Itoitz)
Eguzki bideoak
Euskera, español, inglés, alemán...

DVD que recolle a historia da loita contra unha das maiores barbaridades socioambientais perpetradas no estado español, a presa de Itoiz. Até baleirar Itoitz recolle catro vídeos Solidari@s con Itoiz (1996 - 26 min); European Tour (2000, 48 min); Herriak Bizirik (2003, 60 min) e o que da nome ao conxunto Itoitz (2002, 60 min). Catro vídeos que mostran a perseveranza dun movemento social que non se detén ante ameazas.

NA REDE

LIGAZÓN: www.ceida.org

Galego

Sitio do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia -CEIDA- situado en Oleiros. Entidade que promove a educación ambiental en todos os sectores sociais, así como o intercambio científico e cultural, traballando na procura de solucións aos problemas ambientais e fomentando as boas prácticas cidadás neste eido.

O CEIDA é froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel da Xunta de Galiza, o Concello de Oleiros e a Universidade de A Coruña e ten como finalidade coordinar, dinamizar e promover a Educación Ambiental en Galiza.

As liñas de actuación actual do CEIDA son as seguintes; cooperación, conservación, forestal, medio mariño, municipal e turismo,... e conta con tres áreas de traballo: formación e capacitación, educación e divulgación e o centro de documentación en medio ambiente "Domingo Quiroga". O nome deste centro foi elixido polo CEIDA en recoñecemento do labor pioneiro en defensa do medio ambiente de quen foi o primeiro presidente da Asociación ADEGA.

Entre outras seccións, sala de prensa, novidades, aula do mar, etc. na de publicacións podes descargar o Boletín de novidades do Centro de Documentación Ambiental.

'RECURSOS' CERNA PIDE A TÚA COLABORACIÓN

Se estás interesad@ en que divulguemos na revista galega de ecoloxía e medio ambiente Cerna algún libro, CD, revista, película, documental, etc, ponte en contacto con nós no seguinte enderezo electrónico; ramses@adega.info, indicando 'Recursos' Cerna.

CÁLIDA DESPEDIDA DE ART NATURA

Por Belén Rodríguez

Preto dun cento de persoas participou na derradeira inauguración da exposición ART Natura, impulsada por ADEGA para sensibilizar e crear conciencia sobre a defensa e conservación do medio ambiente entre toda a cidadanía galega a través das diversas formas da cultura. Este acto de inauguración serviu tamén para dicir adeus ao percorrido deste proxecto que comezou na primavera de 2007 e que visitou varios concellos galegos entre os que están Santiago, O Carballiño, Lugo, Sigüeiro, A Coruña, Fene, Melide e Marín. Art Natura rematou onde comezou, en Compostela. Foi o pasado 2 de setembro na Sala de Exposicións da Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre.

© Alberte S.R.

A mestura e a fraternidade entre o ecoloxismo e a cultura galega fixeron posíbel que ART Natura se constituíra nunha das mostras máis importantes de Galiza dedicada ao compromiso medioambiental. O proxecto, nado por iniciativa de ADEGA, estivo durante ano e medio en circulación por todo o país e tivo cabida en sas de exposicións de centros educativos, centros socioculturais, concellos, casas da cultura e rematou a súa andaina no parque empresarial do Tambre, lugar que congratula especialmente aos promotores de Art Natura por tratarse dun sector, o industrial, que incide de xeito importante no contorno. ADEGA agradeceu ao presidente do Polígono do Tambre, Xesús Chenel, pola súa disposición a colaborar neste proxecto ao contribuír a acadar un dos obxectivos desta mostra: tratar de implicar a todos os sectores sociais na defensa medioambiental. Tampouco faltaron agradecementos para aquelas institucións públicas que desde un principio colaboraron con Art Natura como a Consellaría de Medio Ambiente, a Consellaría e Cultura e o Concello de Compostela.

Pero, sen dúbida, os maiores encomios foron dedicados aos 140 artistas que cederon parte da súa obra plástica,

"Apoiamos este proxecto porque consegue vincular a todos os sectores sociais na defensa da cultura e da natureza galega", Socorro García, concelleira de Cultura de Compostela"

audiovisual e literaria para conseguir que Art Natura se fixese realidade. En nome deles intercedeu Manuel Suárez, quen fixo fincapé na singularidade da mostra por acoller tal diversidade de



obras creativas de diferentes técnicas (pintura, fotografía, escultura, vídeo, gravado, debuxo e textos literarios) e por expresar o enorme compromiso que os artistas galegos teñen co medio ambiente, coa defensa da Rede Natura e de todos os espazos agredidos de Galiza. Proba disto foi o número desbordante de obras que chegaron ao local de ADEGA para participar na exposición e que ao final tivo que ser limitado pola propia organización.

Pola súa parte, ADEGA expresou a súa satisfacción polo nivel de participación e o apoio que acadou a mostra de Art Natura, tanto dos artistas como das institucións e centros colaboradores, así como de persoas voluntarias que cederon moito do seu tempo para conseguir este obxectivo, como Xulio Villaverde ou Pepe Salvadores, comisarios da exposición: "Algo deu que falar, algo nos movemos e entendemos que a misión está cumprida", manifestou Salvadores.

A presidenta da asociación, Adela Figueroa Panisse, foi a encargada de pechar o acto, e fíxoo lembrando o compromiso da organización coa cultura galega e sinalando a esta como "a mellor forma de interpretar a música da terra, as súas cores e a súa harmonía".

AS EMPRESAS CON CERFITICADO AMBIENTAL DEBERÍAN ESTAR MÁIS APOIADAS

XESÚS CHENEL NOYA, EMPRESARIO

Entrevista por Belén Rodríguez

Do grupo NOYA Automóbiles, Xesús Chenel Noya preside desde hai máis dun ano a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Tambre de Santiago de Compostela. Este Polígono abrangue máis de 400 empresas relacionadas sobre todo co sector do motor, da construción, do transporte ou do metal e a madeira. Conversamos con el para Cerna, con motivo da exposición ArtNatura nos locais da Asociación que preside.

© Alberte S.R.

– Avanzou o polígono do Tambre con respecto ao coidado medioambiental nos últimos anos?

– Conseguimos que reducir a cantidade de residuos que vai aos cursos fluviais que pasan polo parque empresarial. Houbo momentos que os ríos ían de cor branca. Foi difícil que as empresas adoptaran medidas e moitas naves industriais foron construídas sen separación de augas residuais e pluviais, ben porque o propietario descoñecía esa obriga, ben porque era máis doado para o construtor. Tamén evitamos que se lavasen os vehículos na vía pública, antes era unha práctica moi usual.

– Que queda por facer?

– Temos que conseguir que os recintos industriais se humanicen e que non se vexan descoidados, por iso mantemos unha loita diaria co concello para lograr zonas axardinadas que, na súa maioría, están en mal estado.

Pero, sobre todo, intentamos que as empresas se convenzan de que é necesario obter o certificado ambiental ISO 14000, para que todas sexan xestoras dos seus propios residuos, para que os reciclen na súa maioría ou llos entreguen a empresas especializadas. Neste senso, queda aínda moito por facer. Na miña empresa temos o certificado porque somos conscientes de que doutro xeito, o problema dos residuos vai ser peor no futuro.

– Con que dificultades se atopan as empresas para acadar ese certificado?

– A empresa tense que adaptar infraestruturalmente e, o máis difícil, ten que mentalizar ao persoal traballador. Unha vez superado ese reto, as dificultades son estritamente económicas. É un custo que moitas empresas pequenas non poden asumir. Débese contratar persoal específico que se responsabilice do sistema de calidade e medio ambiente da empresa e logo hai que pagar o servizo de recollida dos residuos. E nalgúns sectores, como o do automóbil, xéranse residuos moi perigosos que precisan dunha xestión máis laboriosa e, polo tanto, máis cara.

– Que vantaxes ten para o empresario xestionar adecuadamente os resíduos?

– Para o empresario mentalizado son todo facilidades. Se se fai de mala gana ou obrigado sempre te atopas con moitos inconvenientes. Pero se unha empresa está certificada ambientalmente, tanto o empresario como o cliente poden estar seguros de que o aceite ou o pneumático que se lle cambia a un coche vai ir parar a empresas xestoras autorizadas. Esta idea debe de ser percibida polo cliente que, polo de agora aquí, ao contrario que noutras comunidades, non está pagando máis por este servizo.

– Cre que o usuario está concienciado nesta materia?

– Unha empresa cando contamina, contamina de verdade; pero os cidadáns, por pouco que contaminen individualmente, en conxunto crean un grande problema. Neste senso, boto en falla a actuación das administracións públicas que, por outra parte, non acostuman dar exemplo. No polígono industrial do Tambre, o concello ten instalacións (parque móbil, matadoiro municipal...), mais non se nota que sexan públicas. Tampouco vexo que se informe suficientemente ao cidadán sobre o punto limpo.

– Percibe pouco apoio por parte da Administración?

– Si. As empresas que estamos certificadas ambientalmente non temos ningunha vantaxe con respecto ás que non o están. Por exemplo, á hora de acceder a un concurso de obras públicas. E moitas veces, a Administración descoñece o tratamento que reciben os refugallos xerados nas súas obras. As empresas certificadas deberiamos ter máis vantaxes para que os empresarios se animasen a tomar medidas medioambientais.

Pola nosa parte, pedímoslle un desconto nos impostos ao concello para aquelas empresas que xestionamos os nosos propios residuos e que non utilizamos os contedores urbanos. Conseguimos unha redución do 30%, cando en Vigo obteñen un desconto do 70%.

LUIS DÍAZ CABANELA, MÉDICO E MEMBRO DE ADEGA

"TRÁFICO E INCINERACIÓN: O QUE MÁIS AFECTA Á NOSA SAÚDE"

Entrevista por Belén Rodríguez

LUIS DÍAZ CABANELA é médico e ten un Mestrado en Toxicoloxía. Como Vogal de Saúde Ambiental de ADEGA, foi un dos primeiros en alertar dos perigos de manipular o chapapote durante a marea negra do Prestige. A incidencia da descarga do carbón no peirao de A Coruña, o impacto do flúor na zona de San Cibrao, ou o impacto da urbanización na Costa galega son algúns dos traballos nos que se ocupa.

Belén Rodríguez

- Que papel ten nunha asociación ou agrupación ecoloxista un vogal de saúde?

- A miña función é de investigación, asesoramento e divulgación. Cada vez que hai un caso de toxicidade ambiental que poida afectar ás persoas fago traballos de campo e recompilo información para logo transmitila de xeito que chegue a un público xeral.

- De que xeito se relacionan ecoloxía e saúde?

- Están totalmente interrelacionadas. Nós formamos parte da biota (seres vivos que habitan na Terra), entón continuamente interactuamos con microorganismos, microbios ou axentes químicos e que son responsábeis de moitísimas enfermidades. Non me gusta ser tan categórico pero diría que a maioría das problemáticas ambientais teñen incidencia na nosa saúde e constantemente estamos percibindo hostilidades do medio, fundamentalmente inducidas pola actividade antropoxénica, nomeadamente de tipo industrial. Existen excepcións nas que a intoxicación é un proceso natural, como na contaminación dos acuíferos por flúor en amplas zonas do planeta.

- En materia de medio ambiente e saúde, que é o máis preocupante hoxe en día en Galiza?

- Desde o punto de vista ambiental están as emisións de gases de efecto invernadoiro (CO_2 das térmicas e cementeiras, etc), e desde o punto de vista da saúde temos as industrias que botan dioxinas, metais pesados, partículas, etc, como as incineradoras de residuos, e tamén as térmicas e cementeiras. Estas industrias son as que provocan maior cantidade de efectos na saúde. E logo as emisión de partículas en suspensión dos vehículos é un axente contaminante que está tendo graves consecuencias na saúde.

"A principal e triste repercusión do cambio climático é a fame. Nós estamos facendo que outras sociedades menos desenvolvidas morran de fame"

O máis urxente é cambiar o tráfico das cidades. Están morrendo 68 persoas por cada 100.000 habitantes ao ano debido á contaminación do tráfico de automóbiles nas cidades. De paso, evitaríamos a contribución á atmosfera aproximadamente dun 17% de gases de efecto invernadoiro (GEIs). As dioxinas na alimentación tamén son un problema grave, pero estas chegan aos alimentos pola contaminación atmosférica.

- É doado facer una diagnose dunha enfermidade causada por un fenómeno ambiental?

- Non. Os médicos non podemos saber a causa da patoloxía. Os que determinan a causalidade da enfermidade son os epidemiólogos. Miden a contaminación atmosférica, por exemplo, e logo correlacionan os datos con ingresos hospitalarios por determinadas causas. Utilizan o método estatístico, co que poden acadar o 99% de fiabilidade. O problema é que estas análises fanse sobre colectividades e nunca sobre individuos concretos. Quizais polo seu elevado custo, .non se fan sempre que sería necesario.

"Eu pedín información sobre a nube de fume incendio da empresa Brenntag, pero nunca cheguei a saber cal foi a súa composición"

- Como se superan os problemas de saúde pública derivados da contaminación?

- Loxicamente, evitando as fontes de exposición. A solución estaría en limitar a emisión de dioxinas á atmosfera das actividades industriais (por exemplo, das incineradoras de residuos). E, por outra parte, facer controis periódicos nos alimentos. Pero estes controis non son obrigatorios. En Cataluña fixéronse estudos dos principais tóxicos que existen nos alimentos dos consumidores cataláns; pero en Galiza nunca se fixo algo así. De facelo levariamos moitas sorpresas, e ao mellor saltaban alarmas como as da contaminación por dioxinas en Bélxica ou do aceite de bagazo por benzopireno, etc. Estamos tomando alimentos moitas veces contaminados e non o sabemos, nin temos forma de sabelo.

- Como valora a actuación da Administración galega en situacións de crise ambiental?

- Eu pedín información sobre a nube de fume incendio da empresa Brenntag, pero nunca cheguei a saber cal foi a súa composición. Brenntag almacenaba disolventes e outros produtos químicos, e pensabamos que a nube de fume era tóxica. Logo do vertido, o río

Umia estaba dunha cor verde malaquita, e tampouco se coñeceu a natureza dos contaminantes, aínda que a versión oficial dicía que era un colorante, pero non se especificou. Melloramos en información con respecto ao goberno anterior, per segue sen ser boa ao 100%.

Tampouco foi correcta a actuación da Administración con respecto á inmensa nube de fume dos incendios forestais de 2006 que chegou ata o sur de Portugal. Os datos sobre a composición da nube de partículas tíñaos a Administración daquela e non os fixo públicos ata dous anos despois. Tería que ter avisado, sobre todo á poboación de risco, que permanecera pechada na casa e así evitaríanse moitos ingresos hospitalarios.

- Un dos últimos casos que investigou foi o vertido de gasóleo de ADIF en Ourense...

- Si. As instalación de ADIF en Ourense son totalmente obsoletas e levan anos vertendo gasóleo de forma intermitente á rede de sumidoiros da cidade; pero desta volta foron 50.000 litros de combustíbel e o vertido chegou a Miño, despois de pasar unha depuradora. Os veciños respiraban ese cheiro a gasóleo, que é tóxico porque son compostos orgánicos volátiles, e sen embargo non se avisou á poboación, non se desprazou ningunha unidade móbil para analizar a calidade do aire e ademais negouse que o gasóleo chegara ao río Miño.

- Entón, case nunca se lle conta a verdade á poboación?

- Un político é un mentiroso profesional, senón non vale para político. Hai moitas formas de mentir e de disimular a verdade. Vivimos nun país onde non gusta asumir a verdade dos problemas. Pero penso que estas actitudes ao final non son rendíbeis politicamente porque son insultos á intelixencia dos cidadáns. No caso do Prestige, dicían que non había marea negra, que eran manchas dispersas; sobre o buque Ostedijk dixeron que non emitía gases tóxicos, senón irritantes (e a tripulación case afogada)...

- Como viviu a situación do Prestige?

- Con moitísima indignación. Ocultouse a verdade e minimizáronse os efectos tanto sobre o medio como sobre a saúde e non nos fixeron moito caso. De feito, ADEGA tiña preparado un folleto para informar a todos os voluntarios/as dos perigos tóxicos do fuel que quedara de publicar a Consellaría de Familia e Voluntariado

Belén Rodríguez



"Estamos pendente dunha entrevista co fiscal de medio ambiente de Galiza para falar sobre o incumprimento de sentenzas de tipo ambiental"

daquela (de Corina Porro), e ao final tivo que facelo ADEGA pola súa conta. Tamén lembro que pedíramos unhas máscaras con filtro tipo A porque as de celulosa non filtraban os compostos orgánicos volátiles. Pero o comisionado do goberno para o Prestige, daquela Mariano Rajoy, dicía que non facían falla porque se traballaba en zonas moi ventadas. Dicir iso foi unha irresponsabilidade. O principio de precaución é fundamental nos temas de saúde ambiental. Normalmente agárdase ao problema e cando aparece, os políticos minimízano e din que todo está controlado, entón hai que botarse a tremer.

- Desde o punto de vista sanitario, como se valora o quecemento do planeta?

- A principal e triste repercusión é a fame. Nós estamos facendo que outras sociedades menos desenvolvidas morran de fame, e só nós podemos facer algo para evitalo.

Outra consecuencia é a escaseza de auga, as secas, que repercuten na agricultura. Hai máis vagas de calor, que afectan sobre todo ao centro do continente europeo (en Francia xa morreu moita xente por este motivo), e máis fenómenos meteorolóxicos extremos, que provocan accidentes de tráfico, naufraxios, etc. O cambio climático tamén pode mudar a distribución territorial de epidemias ou enfermidades.

- Pode indicar algún triunfo ecoloxista no que os aspectos sobre a saúde das persoas foran de especial relevancia?

- Por exemplo a sentenza do TSXG sobre a incineración de pneumáticos nunha cementeira de Oural, en Sarria (Lugo). A actividade paralizouse porque se consideraba que era insalubre ao non respectar a distancia de seguridade ao núcleo de poboación. Mais foi unha vitoria pírrica, porque despois de que a sentenza fora firme, volvéronse incinerar en probas no mesmo lugar resíduos triturados dos plásticos dos coches, e ademais, coa autorización expresa da Consellaría de Medio Ambiente. ADEGA está pendente dunha entrevista co Fiscal de Medio Ambiente de Galiza para falar sobre o incumprimento de sentenzas de tipo ambiental.

A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA

UN RISCO IMPOSTO POLAS OPERADORAS ANTE A DESIDIA DAS ADMINISTRACIÓNS

Por Fins Eirexas

Nos últimos anos temos asistido a unha incontrolada proliferación no medio rural e urbano dunha serie de infraestruturas de estacións base GSM, DCS, LMDS, UMTS, dipolos repetidores, antenas de alta ganancia, picocélulas e microantenas, radioenlaces, etc., ou os novos sistemas Wi-Fi. Isto ten provocado un aumento da contaminación electromagnética que non acada unha rápida resposta por parte das administracións encargadas de garantir a saúde ambiental e cidadá fronte aos posíbeis efectos destas radiacións. O poder económico das operadoras de telecomunicacións e o peso do lobby das microondas ten provocado que a política dos feitos consumados e da permisividade rexan o proceder dos gobernos á hora de controlar o desenvolvemento destas tecnoloxías.

NIVEIS MÁXIMOS E RISCOS POTENCIAIS

En canto aos niveis máximos de exposición, só se consideran os posíbeis efectos térmicos, isto é o quecemento local dos organismos xerado polas emisións de microondas pulsátiles (emitidas en pulsos ou paquetes, propias das tecnoloxías dixitais), seguindo ao pé da letra os ditados do Consello Europeo de Normalización Electrónica e da Asociación Internacional de Protección contra as Radiacións Non Ionizantes (I.C.N.I.R.P., en inglés), organismos supostamente independentes pero financiados indirectamente polas empresas de telecomunicacións. Os límites recomendados por estes organismos (450 microvatios por cm^2) foron establecidos segundo ensaios cun modelo experimental denominado "vaca esférica". Os seus estudos e recomendacións só teñen en conta os efectos térmicos, e non consideran a "ben establecida", e por tanto ignoran, a indución potencial de patoloxías de carácter tumoral e outras afeccións non térmicas. Tampouco teñen en conta os efectos a longo prazo, só interesan os inmediatos (nun período de 6 minutos), e consideran tan só as exposicións non ocupacionais.

Diversas conferencias internacionais de científicos independentes alertan sobre os posíbeis efectos e riscos na saúde pública (Declaracións de Viena 1998, Salzburgo 2000, Roccaraso 2000, Alcalá de Henares 2002, Catania 2002, Friburgo 2002 e Benevento 2006). Precisamente, a Conferencia Internacional de Salzburgo sobre emprazamento de infraestruturas de telefonía móbil, ciencias aplicadas e saúde pública, recomendou valores límites de densidade de potencia de 0,1 microvatios por cm^2 para estacións base GSM (os valores de referencia do I.C.N.I.R.P. e as recomendacións da UE son de 450 microvatios por cm^2) e un valor límite total de 10 microvatios por cm^2 para o conxunto total de radiacións de alta frecuencia .

O Proxecto Réflex (2000-2004), financiado pola Unión Europea, concluíu que as ondas electromagnéticas da tele-

© Alberte S.R.

fonía móbil producen alteracións do ADN, fronte á tradicional consideración de que as radiacións non ionizantes non producen efectos xenotóxicos.

Doutra banda, o Informe BIOINITIATIVE (2007) realizado por expertos de recoñecido prestixio internacional nos campos do cancro, da inmunoloxía, saúde pública e política ambiental, concluíu xunto coa Axencia Europea do Medio Ambiente que os límites de protección actuais (establecidos polo I.C.N.I.R.P. e de referencia na lexislación española) non son seguros. Documentan evidencias científicas sobre a relación causal dos campos electromagnéticos coa promoción de patoloxías como a leucemia e outros cancros, tumores cerebrais, cambios no sistema nervioso e nas funcións cerebrais, no sistema inmunolóxico, así tamén como alteracións nos xenes e no ADN. Conclúe reclamando a imperiosa necesidade de establecer límites máis estritos ante a exposición aos campos electromagnéticos de alta frecuencia e de microondas pulsátiles (telefonía móbil) así como aos campos electromagnéticos de baixa frecuencia (liñas de alta tensión).

A NECESIDADE DE REFORMAR A NORMATIVA

A lexislación estatal, feita polo anterior goberno atendendo aos intereses das grandes operadoras, non resolveu o impacto social e ambiental das redes de telefonía móbil. A Lei 32/2003, do 3 novembro, xeral de telecomunicacións foi redactada case ao ditado das grandes operadoras de telefonía móbil, e non recolle entre os seus obxectivos ningún criterio de protección da saúde publica en canto a niveis de inmisión. Esta norma dá total liberdade de localización para as estacións base e outras infraestruturas de telefonía móbil coa única condición de rexistrárense como tal.

O actual goberno do Estado está aplicando na práctica a mesma política do Partido Popular, incumprindo claramente o seu programa electoral que recomendaba unha normativa de niveis máis restritivos. As autoridades sanitarias non se atreven a enfrontarse aos intereses financeiros das empresas do sector, poñendo en segundo lugar a saúde das persoas. A normativa do daquela Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía non resolveu o problema da expansión incontrolada das redes de telefonía móbil no Estado, nin eliminou a preocupación social pola exposición residencial e continua a estas emisións, nin atendeu ás inquedanzas dun sector da comunidade científica e universitaria sobre os efectos por una exposición a niveis baixos pero crónicos de inmisión aos que cada vez estamos máis sometidas as persoas.

A principios de 2002 publicábase a Orde CTE/23/2002 na que se formulaban estratexias de minimización dos niveis de exposición das emisións das estacións base a 100 metros dos denominados "espazos sensíbeis", aínda que non cun criterio de obriga, mais si de recomendación. Na práctica, estas recomendacións non se cumpriron por parte das operadoras de telefonía móbil. Posteriormente unha resolución do

"O Consello Europeo de Normalización Electrónica só ten en conta os efectos térmicos das radiacións electromagnéticas, ignorando as patoloxías de carácter tumoral"

Parlamento Europeo (04/09/08), apoiándose no Informe Bio-Iniciativa, pide ao Consello Europeo que modifique a súa Recomendación 1999/519/CE, coa fin de ter en conta as mellores prácticas e fixar así valores límite de exposición máis esixentes para todos os equipos emisores de ondas electromagnéticas nas frecuencias comprendidas entre 0,1 MHz e 300 GHz. Polo que respecta ás microondas e ondas pulsadas exteriores (como antenas de telefonía móbil, antenas radar, antenas de emisión TV e FM, antenas sen fíos de internet (wifi/wimax) os valores recomendados son 0,1 microvatios por cm^2 ou 0,614 voltios por metro (0.1 $\mu W/cm^2$ ou 0.614 V/m), 4500 veces menores que os actualmente permitidos no Estado español.

A mobilización social e ecoloxista obrigou a algunhas comunidades autónomas e concellos a establecer normativas máis preventivas e niveis de exposición máis restritivos. A Generalitat de Catalunya no Decreto 148/2001, de 29 de maio, de ordenación ambiental das instalacións de telefonía móbil e outras instalacións de radiocomunicación recolle que a implantación das redes de telefonía móbil non debe ter efectos negativos sobre a saúde das persoas e determinaba valores límite para as estaciones base de 200 microvatios por cm^2, menos da metade do permitido polo Ministerio.

A comunidade de Castela e León, no Decreto 267/ 2001, de 29 de novembro, relativo á instalación de infraestruturas de radiocomunicación, sinala como obxecto da norma evitar danos sobre a saúde publica e garantir os niveis máis baixos de exposición posíbeis (principio ALATA, a mínima emisión tecnicamente posíbel).

Unha das normativas autonómicas máis avanzada é a de Castela-A Mancha, que logo de escoitar a organizacións sociais, incluídos os ecoloxistas, promulgou a Lei 8/2001, de 28 de xuño, para a ordenación das instalacións de radiocomunicación que sinala na súa exposición de motivos o uso compartido das instalacións para evitar a proliferación desordenada das torretas e antenas de telefonía. E como paso novidoso e valente, intensifica as esixencias comunitarias tendo como referencia para os valores máximos de inmisión os da Conferencia Internacional de Salzburgo de 2000, que quedan establecidos en zonas sensíbeis (colexios, hospitais, residencias de maiores e outros) en 0,1 microvatios por cm^2 para as frecuencias de telefonía móbil das redes GSM, DCS e UMTS e de 10 microvatios por cm^2 de nivel máximo permitido en chan urbano, independentemente das frecuencias de emisión.

No entanto e a pesar destas boas iniciativas, queda aínda pendente unha directiva europea que consolide os

TECNOLOXÍAS DE TELECOMUNICACIÓN

GSM (Global System for Mobile Communications). Emite a 900 MHz. Tecnoloxía digital para a transmisión de voz, e transmisión de datos a baixa velocidade: 9,6 kbit/s.

DCS (Digital Cellular System). Emite 1800 MHz. Similar ao anterior en utilidade, aplicado sobre todo en zonas urbanas e con alta densidade de emisións radioeléctricas.

GPRS (General Packet Radio System). 1800-1900 MHz. Permite unha maior velocidade de transmisión (até 171,2 kbit/s), sendo o portador de servicios WAP, acceso a Internet (web browsing, ftp, e-mail) e acceso a intranets de empresas.

UMTS (Universal Mobile Telecommunications System). Frecuencia de até 2,2GHz (2200 MHz). Permite altas velocidades de transmisión de datos até 2 Mbps.

LMDS (Local Multipoint Distribution Service). Opera con frecuencias dende 3,4 GHz até 28GHz). Transmisión de datos de até 8 Mps.

Principios de Precaución e ALATA e que sirva como instrumento real para facer compatíbel o desenvolvemento da telefonía móbil e a seguridade ambiental e cidadá

MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DO RISCO SANITARIO

Tal e como recollía o Manifesto feito público o 17 de maio pasado con motivo do Día Mundial de las Telecomunicacións, baixo o lema "Por una normativa que free a contaminación electromagnética" e subscrito por unha manchea de organizacións sociais, ecoloxistas (incluída ADEGA) e institucións científicas, coidamos que as administracións deberían atender á crecente preocupación social sobre esta materia procedendo a revisar a normativa actual. Estes cambios deberían ter en conta os seguintes aspectos, entre outros:

- Aplicación efectiva do Principio de Precaución e do principio ALATA (a mínima emisión tecnicamente posíbel).
- Transformación da Lei Xeral de Telecomunicacións e da normativa sobre control do espazo radioeléctrico, tendo en conta os efectos non térmicos. Revisión das normativas autonómicas con criterios restritivos e precautorios.
- Establecemento dun valor límite de exposición que impida que se produzan alteracións celulares.
- Establecemento dun valor límite por debaixo daquel que crea alteracións no ámbito celular para a suma das ondas de todo tipo de transmisións de uso industrial (radio, televisión, radar, telefonía móbil, radioenlaces,...) ou doméstico (antenas de radioafeizoados, tecnoloxías GPRS, UMTS, Bluetooth, Wi-Fi , DECT.)
- Estudo de diversas localizacións alternativas para a instalación dunha estación base.
- Moratoria no despregamento das redes UMTS, WiFi e WIMAX. Promover as alternativas aos sistemas de comunicación sen fíos, por exemplo co uso da fibra óptica.
- Minimización dos impactos paisaxísticos, visuais e ambientais no medio rural e urbano (por exemplo obrigando a partillar as instalacións).
- laboración dun mapa radioeléctrico urbano que reflicta o conxunto de emisións radioeléctricas en tempo real e de xeito continuo.
- Creación dunha comisión interadministrativa con participación activa de axentes sociais, organizacións ecoloxistas, científicos e técnicos independentes.
- Esixencia de zonas libres de emisións radioeléctricas de telecomunicacións. Definir zonas urbanas libres de emisións, en edificios públicos (escolas, hospitais, áreas residenciais) e nos sistemas de transporte público.

CONCLUSIÓN

En definitiva, cómpre unha reforma en profundidade da normativa sobre este tipo de instalacións, estabelecer niveis de emisión máis baixos, integrar mecanismos de información e participación pública, garantir o control e a inspección destas infraestruturas despois da súa instalación, e financiar investigacións independentes sobre os seus efectos no ambiente e na saúde.

+ info:

-Informe BIOINITIATIVE: http://www.bioinitiative.org/report/index.htm
-Proxecto REFLEX: http://www.rfidconsultation.eu/docs/ficheiros/REFLEX_0504.pdf

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

palabrasencadeadas.com



AS PONTES: UN REGALO ENVELENADO

texto e fotos: Xoán Ramón Vidal Romaní*

(Timeo Danaos et dona ferentes, Virgilio, A Eneida Século I a.C.)

Dende que a finais de 2007 a prensa galega anunciou o fin da nosa minaría de lignitos temos ido de desacougo en desacougo. A nova de entrada parecía boa pois un dos principais focos galegos de emisión de SO_2, CO_2 (dióxido de xofre e dióxido de carbono) e aerosois tiña desaparecido. Seguindo o dito comercial "dígallelo con flores" ENDESA engadía ao regalo un máis: inmensos bosques que tiña feito medrar nas entulleiras (aínda que de momento ficarán nas mans da empresa) e un novo contorno que respecte a normativa ambiental máis estrita: reservas para aves, peixes, praias, unha illa artificial e deportes acuáticos. E os antigos túneles de drenaxe que rodeaban a explotación transformados en inmensos refuxios para morcegos. E para rematar unha fermosa lagoa cunha illa para cando remate o asolagamento da antiga mina no ano 2012 e os enormes buratos se enchan co elemento máis abundante en Galiza, malia o Cambio Climático: a auga. A solución aparentemente limpa e estética. A lagoa vai ser moi fonda (200 metros) o que permite formular xa unha primeira cuestión: no caso de afundir algunha embarcación, por exemplo das que practicarán deportes na lagoa, como se pensa facer para o rescate das posíbeis vítimas?, e se alguén decidise eliminar algo, ou alguén incómodo, afundíndoo na Lagoa de As Pontes? Pero non é cousa de poñerse en plan negativo cando por vez primeira unha empresa mineira (á súa conta?) vai restituír os terreos afectados á súa situación orixinal no Oligoceno (entre 20 e 26 millóns de anos antes) cando xa existía unha masa de auga en As Pontes onde se acumularon restos vexetais durante millóns de anos para logo transformárense en lignito pardo, ata que en 1834 Guillerme Schulz os descubriu por vez primeira para os galegos e galegas.

Bótase en falla que a empresa non teña anunciado tamén a súa intención de restituír a fauna autóctona, os micromamíferos *Issiodo-romys* minor e *Eomydae* indet, o gran mamífero o



Fig. 1. Mapa de sismos e fallas do noroeste peninsular

Foto 1. Deslizamento en San Andrés de Teixido





Fig. 2. Simulación do proceso de xeración dun pequeno tsunami na futura lagoa de As Pontes

Foto 2-3. Derrubes no Norte do Cabo Prior

Anthracotheriidae indet, e nomeadamente a estrela da bacía mineira, o pequeno crocodilo *Dyplocynodon* s.p. Estou ben certo que non por falta de gana, senón pola mala preservación do ADN. A decisión de que a auga recupere os seus antigos dominios é aparentemente impecábel, mais agora é que sabemos algo máis sobre o tema que non se coñecía no Oligoceno. O xacemento de lignito de As Pontes foi preservado nun espazo situado baixo unha enorme falla inversa paralela á costa cantábrica. Comeza nos Perineos e chega ata Galiza, precisamente á mina de As Pontes. Alí divídese en varios ramais, un cara ao Cabo Ortegal en San Andrés de Teixido, outro cara á costa entre Punta Frouxeira e Cabo Prior e o último que vai saír á Lagoa de Doniños, paralelo á Ría de Ferrol. **(Fig. 1)**

Todo este gran abano de fallas é activo. Méxese como amosan distintos indicios: a reactivación do deslizamento de San Andrés de Teixido **(Foto 1)**, os derrubes na costa ao Norte de Cabo Prior e os movementos sísmicos que periodicamente teñen lugar con epicentros situados exactamente sobre a liña de falla en superficie **(Fotos 2-3)**. O rexistro instrumental deses sismos para os últimos 30 anos dá valores de intensidade e magnitude ata agora non inquietantes para a poboación. Mais se repasamos o rexistro histórico de sismos, vemos que as fallas son activas e teñen xerado movementos de terra con intensidades entre 9 e 5.5 en datas tan antigas como os anos 60 A.C., 1724, 1761, 1844, 1897, 1910, datos a partires dos que calquera sismólogo poría en garda á Administración á hora de deseñar calquera grande estrutura (edificios, barraxes, etc.) para a zona.

En xeral, as construcións en Galiza realízanse seguindo a norma sismotectónica vixente, o que permite garantir a súa seguridade, mais a neo-lagoa de As Pontes é un tipo de construción diferente, non prevista na citada norma e ademais a única situada directamente sobre unha falla activa á que se ten desposuído polo miúdo do único freo que ata agora amortecía o seu movemento: o recheo de lignitos e arxilas que bloqueou a falla ata que en 1942 comezou a baleirarse a mina de sedimentos **(Fig. 2A)**. Calquera movemento do terreo entre As Pontes e a costa cantábrica pode agora realizarse con moita mais liberdade e vai actuar, non contra un compacto paquete de lignitos e arxilas, senón contra unha, cada día maior, masa de auga que non presenta a mesma resistencia **(Fig. 2B)**.

Engádese a isto outro novo efecto: a presión hidrostática que a auga vai exercer no ano 2010 cando remate o enchido da lagoa segundo as contas de ENDESA, cunha masa de auga de máis de 200 m de profundidade. Un simple cálculo permite adiantar que naquel momento haberá unha presión de 1.960.000 pascais por m^2 no fondo da lagoa. Mais non é ese inmenso peso o que nos preocupa, senón a presión hidrostática inducida por el que se transmite como unha forza adireccional perpendicular ao fondo e paredes da lagoa, e no caso dun movemento sísmico, tamén perpendicular ás paredes do plano da falla. Se como é probábel, a falla mexe de novo (algo que leva a facer de xeito ininterrompido nos últimos 26 millóns de anos), a auga con esa enorme presión hidrostática vai facilitar aínda máis o seu movemento. Inxectada a presión a traveso do plano da falla, vai exercer unha acción lubricante da mesma e levantará o macizo rochoso movido polo sismo ao reducir á metade o seu peso **(Fig. 2C)**. Cando o que agora é unha lagoa estaba chea de sedimentos,

o empuxe facíase sobre materiais sólidos e compactos, pero actualmente é unha masa de auga sen resistencia algunha que será desprazada doadamente, xerándose así un pequeno tsunami na propia lagoa **(Fig. 2D)**. Aínda que só se producise un sismo de intensidade 6, como os que ata agora se teñen dado nos últimos 30 anos (aínda que non se pode ter a certeza de que sexa maior en datas futuras), a acción da presión hidrostática duplicaría os seus efectos e o risco de que isto aconteza incrementaríase progresivamente ata o final do recheo da lagoa.

Paralelamente ao incremento do nivel das augas na lagoa, vaise producir unha recarga dos acuíferos nos arredores da mesma. Estes acuíferos foran rebaixados durante a etapa de actividade da mina ata 200 m por baixo do nivel actual. A suspensión da drenaxe da mina e a condución de todas as augas, chuvia e ríos, na zona escavada vai incrementar a aparición de mananciais e fontes alimentados polas augas da lagoa en todo o perímetro da antiga mina. Isto pode explicar as variacións no nivel da lagoa observadas (Humberto Fidalgo Couce, comunicación persoal) despois da suspensión temporal ordenada pola Xunta de Galiza da desviación do caudal do Eume cara á lagoa para previr os cambios do pH das augas do Eume. É como pretender encher de auga unha cesta de vimbios. O resultado ben pode ser unha nova xeración de fontes con pH acedo en todo o perímetro da lagoa de As Pontes.

A mortaldade de reos no río Eume acontecida en datas recentes, permítenos engadir un efecto adicional ao tsunami. A auga movida por el non ten outro percorrido que a canle do Eume que inexorabelmente vai ir ao encoro de A Capela. Durante 30 anos, todas as augas que saían da explotación da mina de As Pontes, coa súa correspondente carga de lamas, teñen sido canalizadas cara este encoro, polo que ben podemos supor que o vaso da barraxe está enchido en parte por esas lamas tóxicas cunha elevada porcentaxe de sulfuros propios dos lignitos explotados en As Pontes. Nun eventual desbordamento do encoro (non quero nin pensar na rotura da barraxe), todas as lamas irían directamente á desembocadura do río no mar, atravesando as Fragas do Eume ata Pontedeume e despois á Ría de Ares.

Nestas circunstancias indicamos algunhas recomendacións para previr no posíbel un desastre ambiental:

1.- Situarmos unha rede de sismógrafos axeitada para seguir con detalle o proceso de enchido da lagoa (a actual non está correctamente disposta);

2.- Establecer un sistema de interrupción en calquera momento do proceso de enchido con evacuación segura (incluído o bombeo) das augas que confl-úen (ríos e chuvia) na lagoa;

3.- Limitarmos a profundidade e o volume de augas na futura lagoa. Cada día que deixemos pasar, incrementarase a posibilidade de que algunhas ou todas estas predicións podan facerse realidade.

* Xoán Ramón Vidal Romaní é o Director do Instituto Universitario de Xeoloxía "Isidro Parga Pondal".

Programa de Vivenda en Aluguer

Agora, alugar a túa vivenda é máis **seguro, cómodo** e está **cheo de vantaxes**

PROPIETARIOS

Tes unha vivenda desocupada?

Inclúea no **Programa de Vivenda en Aluguer**

- Cobro do aluguer garantido durante 5 anos, tras a sinatura do primeiro contrato.
- Ata 12.000 euros para obras de reforma.
- Seguro multirisco para a cobertura de incidencias.
- Asistencia e defensa xurídica gratuíta.
- Cómodo: inscríbete e a Consellería xestiona o aluguer da túa vivenda.

INQUILINOS

Buscas unha vivenda en aluguer?

Apúntate no **Programa de Vivenda en Aluguer**

- A Consellería subvenciónache ata o 60% do aluguer en función dos teus ingresos.
- Accede a unha bolsa de vivendas con todas as garantías e a un prezo asequible.
- As vivendas adxudícanse acomodando ao máximo as características da mesma, tanto en superficie como en prezo ás necesidades do inquilino.
- Cómodo: inscríbete e a Consellería axúdache a atopar a vivenda que buscas.

Infórmate:

- Oficinas de información da Consellería en A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo e Ferrol.
- www.conselleriavivenda.xunta.es
- Tel: 902 100 054

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

USO DA ENERXÍA SOLAR NA UDC

I. INSTALACIÓNS SOLARES TÉRMICAS

Xesús Giz*

Neste artigo centrarémonos nas instalacións solares térmicas explicando máis polo miúdo esta tecnoloxía, para despois pasar a detallar, a modo de exemplo, unha instalación que se ven de rematar nun edificio da Universidade da Coruña (UDC).

O SOL COMO FONTE DE ENERXÍA

O sol é unha das bases da vida no noso planeta e constitúe unha fonte renovábel e continua de enerxía.

Dentro das enerxías renovábeis temos tecnoloxías coma a maremotriz, a eólica mariña ou a undomotriz que están sendo profundamente estudadas e prevese un bo aproveitamento futuro delas. A enerxía solar xa é coñecida e utilizada dende hai anos en aplicacións fotovoltaica (anos 60 na tecnoloxía aeroespacial) e solar térmica quentando auga para piscinas ou uso sanitario (duchas e billas de auga quente), aínda que cada vez se buscan máis e mellores aplicacións.

Compre lembrar que, se ben o aproveitamento de enerxías renovábeis é moi importante, non o é menos a eficiencia na utilización desa enerxía. O consumo enerxético a día de hoxe aumenta ano tras ano nas sociedades "avanzadas", por tanto débense ter en conta criterios de eficiencia empregando os avances tecnolóxicos para diminuír o consumo enerxético sen diminuír as prestacións obtidas, concienciándonos os usuarios da necesidade dun maior aforro tanto da enerxía coma doutros recursos naturais.

Segundo o establecido no protocolo de Quioto contra o cambio climático, o goberno español deberá limitar as súas emisións de CO_2, ademais nos últimos anos comeza a existir unha preocupación estatal polo abastecemento enerxético, a limitación de recursos fósiles, a dependencia enerxética de países politicamente inestábeis, etc.

Por isto véñense desenvolvendo nos últimos anos o Plan de fomento das enerxías renovábeis (co obxectivo para o ano 2010 de que o 12,1% da enerxía primaria consumida sexa abastecida por fontes renovábeis) e o Plan de Acción 2008-2012 da Estratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España (E4) para limitar o aumento do consumo enerxético.

Para tentar alcanzar estes obxectivos promóvense actuacións nestes eidos, mediante subvencións e plans de axudas para a implantación de instalacións máis eficientes ou de enerxías renovábeis ou tamén mediante primas á produción como no caso da enerxía fotovoltaica.

Xesús Giz

Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física (FCDEF) da Universidade da Coruña en Bastiageiro (Oleiros). Este centro conta cunha importante instalación de enerxía solar térmica para o quecemento de auga da piscina e duchas dos pavillóns deportivos

A pesar da importancia destes plans, a medida que máis vai difundir o uso de enerxías renovábeis e sistemas de eficiencia e control de consumo enerxético é a nova normativa en edificación (código técnico da edificación) que obriga, segundo o tipo de edificación, a dispoñer de paneis solares térmicos e/ou fotovoltaicos así como uns requerimentos mínimos de illamento e de eficiencia das instalacións térmicas e de alumeado que deberán ser incluídos en todo proxecto de edificación para a súa licenza. Ademais, a nova normativa de certificación enerxética en edificación (Real Decreto 47/2007) obriga a clasificar enerxeticamente as vivendas e edificios (etiquetado enerxético coma en electrodomésticos), co cal na compravenda da vivenda existe unha transparencia nos custes enerxéticos estimados anualmente para que se teñan en conta coma un factor máis de calidade das edificacións. Esta clasificación xa é obrigatoria para novas vivendas e extenderase á vivenda xa existente, tendo os centros públicos de nova creación a obriga de expoñer de forma pública este certificado.

As instalacións de enerxía solar poden clasificarse en 3 grandes grupos segundo o seu principio de funcionamento:

- INSTALACIÓNS SOLARES TÉRMICAS: Son as destinadas a obter auga quente, normalmente para uso en auga quente sanitaria (duchas e lavabos), piscina, calefacción, etc.
- INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS: Mediante paneis (módulos) de materiais semicondutores permiten obter enerxía eléctrica para autoconsumo ou para vertido á rede eléctrica. Esta segunda opción é a economicamente máis rendíbel deixando o autoconsumo para instalacións illadas onde non chega a rede eléctrica convencional.
- INSTALACIÓNS SOLARES TERMOELÉCTRICAS: polo xeral, plantas de elevada potencia que, mediante os chamados helióstatos ou concentradores solares, quentan un fluído que pasado a través dunha turbina permiten obter enerxía eléctrica.

INSTALACIÓNS SOLARES TÉRMICAS

As instalacións solares térmicas permiten quentar un fluído térmico (normalmente auga con anticonxelante) a partir de captadores solares que a través dun intercambiador-acumulador

de calor transmiten o seu calor á auga de consumo para duchas, lavabos, piscina, calefacción, etc. Existe un circuíto primario (fluído térmico) pechado e un circuíto secundario (auga de consumo) cun aporte continuo de auga, entre os cales non existe intercambio de materia, só de calor. Axustando a regulación á nosa conveniencia podemos obter valores adecuados de auga no consumo (piscina a 28 ºC e duchas a 40 ºC) mentres que o fluído térmico no primario supera en moitas ocasións os 100 ºC.

Existen distintos tipos de paneis solares térmicos que clasificamos en tres grupos:

- Captadores planos: Son os que teñen unha maior difusión, teñen as vantaxes dun menor prezo, unha boa estabilidade e perdurabilidade. Por contra teñen un menor rendemento e a imposibilidade de conseguir elevadas temperaturas así como a necesidade de dispoñelos cunha inclinación aproximada de 35º e, por tanto, en moitas ocasións, crear estruturas de soporte que poden ter un impacto visual importante nas edificacións onde vaian dispostas.
- Captador por tubo de baleiro de fluxo directo: aquí cada panel está constituído por varios elementos captadores de cobre por onde circula o fluído térmico dispostos cada un deles dentro de tubos onde existe o baleiro e, por tanto, as perdas de calor dentro del son moi baixas. Conséguense temperaturas de auga superiores aos 100 ºC que permiten incluso utilizar esta tecnoloxía para calefacción por chan radiante. As pequenas perdas unidas á eficiencia global do panel confírenlle un mellor comportamento durante as épocas de baixa radiación. Os captadores de tubos de baleiro de fluxo directo teñen infinidade de posibilidades de colocación, podendo dispoñelos en fachada, en disposición horizontal ou vertical, etc. Con este captador conséguese máis potencia con igual superficie e, por tanto, pode ser unha boa opción onde exista pouca dispoñibilidade de espazo. En canto á integración arquitectónica, os colectores constan dunha lámina de cobre dentro de cada tubo que debe estar inclinada 35º cara ao sur. Como os tubos, poden xirarse ata 25º en disposición horizontal. Nunha cuberta tradicional cuns 10º de inclinación, o conxunto do captador pode ir disposto directamente sobre a cuberta sen necesidade de estrutura auxiliar evitando así o seu impacto visual sen sacrificar o rendemento dos paneis.
- Captador de tubo "heat-pipe", semellante ao anterior, pero o principio de funcionamento prodúcese pola vaporización dun alcol disposto no interior do captador do tubo de baleiro. Este panel debe ser disposto cunha inclinación mínima de 25º e sempre en vertical, co cal ten menos posibilidades de configuración que o anterior. O alcol vaporízase polo quecemento do captador de cobre, ascendendo ata o colector situado na parte superior onde quenta o fluído térmico do circuíto primario (unión seca) enfriándose e voltando a baixar en fase líquida por gravidade. Este tipo de panel é o máis técnico, conseguindo unhas moi elevadas temperaturas, pero ten unha baixa difusión polos elevados custos e por ser quizais o máis problemático no mantemento. Ten unha boa funcionalidade cando haxa períodos de alta radiación sen evacuación do calor producido (bloques de vivendas desocupadas en época estival).

Xesús Giz

Instalación de enerxía solar térmica na FCDEF-UDC. A tecnoloxía empregada é a de tubo de baleiro de fluxo directo (en total 140 m²) con disposición en cuberta e en fachada.

INSTALACIÓN NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A UDC a través da Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental impulsou a realización dunha instalación solar de importancia para paliar os elevados consumos enerxéticos que se producían nas dependencias da Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física. Este centro requería o emprego de combustíbel gasóleo para o quecemento de auga para a piscina e para o servizo de duchas dos pavillóns deportivos, así como a climatización do pavillón da piscina. Os motivos para levar a cabo esta instalación foron:

Xesús Giz

Outros tipos de paneis: A) Panel plano utilizado como marquesiña para aparcadoiro. B) Tubo *heat-pipe* con estrutura de soporte a 35º para disposición en cuberta plana. C) Colector *heat-pipe* compacto para vivenda unifamiliar con estrutura de soporte e depósito acumulador integrado.

- Compromiso ambiental: A UDC entende que os organismos públicos deben fomentar o uso deste tipo de enerxía, dar difusión e promoción ao seu emprego e polo tanto propúxose executar unha instalación de importancia, cun interese técnico engadido polo seu tamaño e características.
- Diminución do gasto en gasóleo, xa que se prevé unha contribución solar anual do 35% (para 200 usuarios/día estimados) cun aforro económico e ambiental estimado anualmente en 15.000 € e 40 Toneladas de CO_2 respectivamente, quedando a instalación amortizada en 10 anos.

A excelencia desta instalación vén dada polos seguintes factores:

- Instalación de alta potencia en base a 140m² de colectores de tubo de baleiro de alta eficiencia que permiten dar unha boa contribución solar tamén durante o inverno onde a instalación ten maior uso.
- 16 colectores de 2m² dispostos en fachada, e 36 colectores de 3m², en cuberta cunha perfecta integración arquitectónica.
- O illamento térmico das tubarías é o empregado na industria petrolífera con resistencia a altas temperaturas e con recubrimento de protección aos raios UV.
- A instalación está equilibrada hidraulicamente para que todos os paneis participen equitativamente no total da xeración.
- A valvularía disposta no circuíto primario cumpre as condicións precisas para soportar ata 150 ºC que puideran alcanzarse. Ademais incorpórase toda a valvularía precisa para baleirados parciais, válvulas de seguridade de presión e temperatura e purgadores automáticos de aire dentro dos circuítos hidráulicos, cumprindo as recomendacións de boas prácticas.

A instalación dispón dun sistema de regulación que se prevé integrar nun sistema de xestión central para o recabado de datos de produción anual, que permita valorar a distancia a produción real e o conseguido a nivel ambiental con esta instalación ao longo da súa vida, así como diagnosticar posíbeis avarías e vixiar para que o rendemento sexa óptimo en todo momento.

Existen factores que poderían repercutir nunha diminución do rendemento, que serán minimizados polas seguintes accións:

- Limpeza periódica dos paneis.
- Limpeza de elementos de intercambio e acumulación.
- Control de horas de funcionamento dos disipadores de enerxía, para evitar que liberen enerxía sen ser necesario.
- Tapado da instalación en épocas de non uso para evitar a necesidade de disipación que produciría un gasto enerxético inútil.
- Control do bo illamento de tubarías.
- Realización dun correcto protocolo de mantemento.

* Xesús Manuel Giz Novo é Enxeñeiro Industrial e Técnico Superior de Mantementos do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos da Universidade de A Coruña

vive

EN DEFENSA DO MONTE GALEGO

http://www.xuventude.net
Teléfono xove 902 152 535

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

PLANS DE ORDENAMENTO URBANO

Lois Manoel Toirán*

Os PXOUs ou PXOMs son os Plans Xerais de Ordenación Urbana ou Municipal, un instrumento do que dispoñen os concellos para, moito máis aló de ordear o crecemento urbanístico ou o desenvolvemento do rural, a ordenación do territorio: cales van ser os seus usos, incluíndo temas esenciais como economía, medio ambiente, infraestruturas, etnografía... ou mesmo a calidade de vida da veciñanza. Paralelamente leva consigo unha normativa que rexerá as futuras actuacións.

Lois Toirán

Os espazos públicos estanse a eliminar para dar cabida ás novas edificacións

PASOS PREVIOS

Na teoría estes documentos precisan para a súa planificación dunha serie de estudos iniciais sobre os que traballar, así como ter en conta a variada lexislación que deben recoller. Ao mesmo tempo deberan de reflectir tamén tanto as necesidades e sensibilidades sociais, como as propostas políticas dos gobernantes do que consideran o camiño a seguir. Pero indo máis aló, estes proxectos terían ao mesmo tempo que ter en conta aspectos comarcais, nacionais, estatais e mesmo internacionais. Aí temos por exemplo a AXENDA 21 ou o cambio climático, os espazos naturais, protección e fomento do rural, ou determinadas políticas galegas ou doutros niveis máis xerais, etc. A coordinación entre institucións debera ser fundamental.

Pero que é o que ocorre en incontábeis casos? Non é nada inusual, para o abraio de todo o mundo, que o propio equipo técnico redactor (que pode ser de Madrid ou de calquera outro sitio e descoñecedor da realidade) conte con cartografía incorrecta ou desfasada para empezar a traballar, con que non haxa nin se realicen catálogos correctos dos bens etnográficos, que non se teña en conta zonas de inundacións e que nin aparezan inventariados os espazos naturais a protexer.

Por outra banda, mesmo se dan casos nos que o concello teña elaborada a Axenda 21 coa participación da veciñanza e que esta nin apareza mencionada nos estudos ambientais, económicos ou doutra índole nos documentos de ordenación. O mesmo pasa con temas como o cambio climático que quedan exentos e relegados a celebracións e actos propagandísticos do Día da Bicicleta, da Árbore ou doutras efemérides.

As leis de aplicación para estes plans como a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Territorio ou as leis sectoriais (Augas, Patrimonio, Estradas, ...) poden quedar situadas nun segundo plano ante as presións do sector da construción. O exceso de edificabilidade ata límites escandalosos é unha das características máis comúns destes proxectos de urbanismo en moitas localidades.

A REALIDADE

A Xunta, como nunca sucedera antes, tivo que adoptar medidas para parar este sen sentido hoxe demostrado, por exemplo, coa crise da construción. Non faltou tempo para que empresarios da construción como a APEC (Asociación de Empresarios da Construción) saíran nos medios criticando calquera medida que procurara unha mellora da situación nun panorama desolador. Mesmo a Lei do Hábitat non se salvaba da "Lei do Tixolo" ditada por aqueles empresarios carentes de sensibilidade.

Milleiros de novas vivendas, millóns de metros cadrados urbanizábeis, novas autoestradas, circunvalacións, viais en xeral, poñíanse ao servizo dos construtores e dos seus patrocinadores-alcaldes nas cidades e vilas para espallar un estilo de vida, unha cultura que ignora os milleiros de vivendas baleiras ou aquelas outras abandonadas sen restaurar, agredendo ao medio rural (especialmente o máis próximo aos núcleos urbanos) e ao contorno natural e desoíndo aos colectivos veciñais e de todo tipo, como os colexios profesionais de arquitectos, xeógrafos, ... a maiores dos ecoloxistas. Aquí hai que resaltar como os novos viais son a ferramenta máis idónea da que se valen os urbanizadores para penetrar en espazos ata o de agora libres deste desenvolvemento insostíbel. O uso dos medios de transporte privados multiplícase e satura as novas vías de comunicación entre a cidade e as urbanizacións ou concellos - dormitorio lindeiros.

Por outra banda, ata o momento foi característico, especialmente das grandes cidades, o illamento e/ou aniquilamento dos núcleos rurais tradicionais e do solo rústico en xeral, nas súas distintas variantes de protección. A urbanización tipo chalé faise dona de determinados espazos, chegando a substituír a cultura, o estilo de vida e mesmo lugares característicos galegos protexidos do contorno rural e natural fornecedor de alimentos, de biodiversidade e de calidade de vida.

Lois Toirán

Por este lugar preténdese facer pasar a autoestrada de circunvalación que cruza o Miño en Lugo

Non se libran deste culto á construción os bens etnográficos: castros, camiños reais ou mámoas e conxuntos líticos quedan desfeitos ou sepultados baixo as construcións, se non hai alguén que denuncie a súa existencia e posta en valor.

Pensando nas cidades e vilas non debera ser posíbel que ante os enormes e numerosos polígonos industriais que se instalan (non valoremos agora a súa idoneidade), que non veñan acompañados dunha liña ferroviaria de mercadorías como medio de transporte fundamental.

PERSPECTIVAS

Viuse como a política pola que a construción se convertera nun dos eixos do crecemento económico estaba fondamente errada. Pero o sentido común tamén aconsellaba a través das denuncias xa feitas dende hai décadas (sobre o crecemento negativo da poboación, as consecuencias do uso dos combustíbeis fósiles ou o mal uso das enerxías e a prol da protección dos nosos valores naturais e rurais) que os Plans de Urbanismo deberan ser un instrumento máis para o desenvolvemento sostíbel da sociedade. É visíbel e palpábel que numerosos concellos teñen problemas para a súa

tramitación, sexa por recursos presentados por particulares ou colectivos, sexa pola intervención da propia administración autonómica. Nunca houbo tantas leis. Só é necesario, e dun xeito urxente, que se cumpran.

Un cambio favorábel parece que se está a albiscar, insuficiente en numerosos casos. Este cambio na sensibilidade ten que percorrer e limpar, en primeiro termo, ás corporacións municipais e, despois, a todo un sector da sociedade que durante anos aprendeu que a especulación era un xeito de gañar cartos a costa do que fora, do noso contorno, da calidade de vida ou das economías familiares.

* Lois Manoel Toirán é membro de ADEGA e da Plataforma: "Lugo, a mellor cidade do mundo!"

PAISAXE-PAISANAXE EN GALIZA: DESTRUCIÓN DA IDENTIDADE

Por Felipe Senén*

Ramsés Pérez

Muiño e castiñeiro

Branca Villares

Horro de Pobra de Burón

Ramsés Pérez



Refuxio

Desde o futuro imperfecto diremos que na Galiza paisaxe e paisanaxe era un todo que debuxaba a súa identidade. Humus e humanismo encadrelábanse nestes atlánticos confíns extremo-occidentais de Europa. O animismo co que se anima o inanimado que deriva en cultos panteístas é algo que aínda hoxe segue vivo pese ao peso das doutrinas que se impoñen co tempo, da globalización comercial, da "macdonalización" imperante, de todo o que conflúe nun acelerado proceso de destrución dos escenarios da Historia e da Cultura. Cun Courel comesto polas louseiras non se entende a Novoneyra.

A paisaxe, o corpo da Galiza mostra en moitos puntos as súas feridas, a súa osamenta, que diría Castelao. Ás veces e dun só golpe e virada de ollada, ofrécese ese corpo aberto, esnaquizado, como roído polas ratas. As "ratas" que escribía Luis Seoane e nas que ás veces, ante os cartos, nos metamorfoseamos os humanos:

"...Dende fai séculos loitan en Galiza
os homes cas ratas.
Ate que toda ela fique,
coma ises castelos roiñentos
e os mosteiros sin altares
nin lembranzas de ritos,
sendo soio rondada de morcegos
e pantasmas..."

Destrución disfrazada de "progreso", verba adulterada, pregoada desde a ignorancia do País, cando non é máis que celeridade polo oportunismo. Sen nin tan sequera mirar para o que fan nesa Europa máis experimentada, onde aínda, e pese a selo, os "conservadores" conservan o seu.

SOBRE A PODREMIA MEDRAN COMO OS VERMES OS ESPERPENTOS...

Non toca aquí facer un paseo pola nosa Historia, na que descubriríamos que esa interrelación do ser humano co humus está nas pegadas do culto aos Catro Elementos: ao lume, á auga, á terra, ao aire,... danzas baixo a luz do sol, da lúa simbolizadas nas esvásticas, nas rosáceas; as labaradas das fogueiras, o lume novo dos Magostos, San Silvestre, a Candeloria ou o San Xoán; tamén fontes, ríos, lagoas, o mar, a terra que son as penedas e os bosques, e o ar, o vento, o serán dos solsticios e dos equinoccios... Por aquí é onde mellor soa a gaita e o pandeiro, un aturuxo.

Ambientes sacros arredor dos que se ergue respectuosa, para resolver a vida e encadrelar a cultura, unha arquitectura sen arquitectos, simbiótica e que se fará tradicional, pese a ser trazada por construtores populares, mestres canteiros, arxinas xornaleiros; escultores que da arte dos canteiros foron capaces de facer o Pórtico da Gloria. Eles transmitiron o expresionismo a canto facían, deica converter súa obra en altares; pintores, escritores expresionistas que buscan os contras da luz en barrocos, que non son máis que transmisores, a voz da terra. Esta realidade é a enseña da cultura galega, resultado da sabia interacción entre a paisaxe e a paisanaxe, cosida pois con tradicións que non traizoan, con innovacións xeniais e científicas, con relacións con outros mundos...

"O Tegra, Teixido, Corrubedo, Fisterra, Ortegal, Caaveiro, as Cíes, Ons, a Praia das Catedrais, Pedregal de Irimia, Cabo Vilán, Devesa da Rogueira, Pindo, Muíños do Folón... ameazados santuarios da natureza, os que sempre chaman por nós"

Mais a cultura ofrece os seus intres de esplendor e decadencia. E velaí bombardeados os seus escenarios, a secuencia do seu mesmo acontecer. E velaí manifesta a anomia xeral, por algo máis que por terra, mar e aire. A anomia é a degradación cultural, certa podremia produtora de toda gama de vermes, de neoesperpentos, "tonechificación", "chikilicuatres" que polo sufraxio universal chegan a ocupar despachos oficiais...non hai máis que acender a televisión ou mirar para os medios para saber como nos representan e coñecer quen somos.

ADULTERACIÓN DA VERBA "PROGRESO" E OFICIALIZACIÓN DA ALEIVOSÍA

Prima a óptica da especulación do metro cúbico, todo se ve da cor dos solares construíbeis.... a Lei, a súa

vixianza, vai máis de vagar e non se adecúa ás realidades e aos sofisticados sistemas de especulación e destrución. A planificación que é esencia e fin da política, dos gobernos e das administracións, segue a ser materia pendente, por canto supón de convivencia, de benestar e de futuro. Planificación que só é palabrería coa que se adornan os discursos e as propagandas. Os estudos de impacto forman parte das rutinas protocolarias da burocracia e séguense a abrir canteiras, a coser a xeografía con gabias sobre castros, un destruído en Cervo, outro en Ames... mámoas en Boiro, as Pontes...¡Ai As Pontes de García Rodríguez, museo de grandilocuentes despropósitos antihumanistas! Instálanse polígonos e galpóns por onde lle cadra e a croa de espiñas eólicas cobre as testas dos montes máis altos, as piscifactorías póñense onde é máis fácil. A aleivosía semella oficializarse.

Poesía: horizontes de Galiza sobre os que campan as siluetas dos montes mansos, como animais deitados, que diría Otero Pedrayo, entre os que asoma sempre a croa dun castro, ondas de cores diferentes a cada hora do día, desde a alborada ao serán, aparecen agora roídos sen piedade polas canteiras, coroados por xeradores eólicos, pola continua sucesión dun e doutro plan de ir e vir de impactantes vías, modelos de urbanizacións transportadas da área periurbana madrileña, Guadalix de la Sierra... multiplicacións de minifundios separados de tulla, país inzado de arame e cemento maltratado. Namentres desaparecen antiquísimas tipoloxías de valados vexetais, madeira, canizo, pedra... para reaproveitar o somier metálico e servir de pecho. Aínda máis: portos de todas as gamas, vertedoiros de lixo, antenas de todas as telefonías sobre mámoas, castros, mostrario de todos os gastos de afeamento, mobiliario innecesario, bancos, fontes que non funcionan, churrascos.... que poñen de manifesto a falla de planificación. Test sobre a ilustración municipal.

IDENTIDADE E TURISMO: CONTROLAR, INFORMAR, FORMAR....

Hai máis de medio século que o arqueólogo Florentino López Cuevillas se queixaba do perigo das pancas e dos barrenos do que entón serían inxenuos canteiros ante este noso hoxe da sofisticación de serras e procedementos para cortar todo tipo de pedras: Montes de Pena Corneira no Ribeiro de Avia; a Pasarela e Laxe de Traba, mirando ao Mar da Costa da Morte; montes de Baltar, na Limia, mirando ao Couto Mixto; Serrabal do Pico Sacro sobre o Ulla; a Mourela das Pontes; as ribeiras do Lor no Courel dos tesos cumes; as ribeiras do Sil...Montes sacros, altares de onte, cristianizados por ermida e sartego construído por algún ermitán de tempo impreciso. Montes orientadores para antergos viaxeiros, asomando no labirinto do horizonte. Montes penedos, faros, visos, penas agoireiras, escritas, abaladoras, sanadoras, fecundativas, albas, mouras.... santificados nacedoiros de regueiros, baixo un altar, que se fan ríos de vida...

"A anomia é a degradación cultural, certa podremia produtora de toda gama de vermes, de neoesperpentos, 'tonechificación', 'chikilicuatres' que polo sufraxio universal chegan a ocupar despachos oficiais"

O Tegra, Teixido, Corrubedo, Fisterra, Ortegal, Caaveiro, as Cíes, Ons, a Praia das Catedrais, Pedregal de Irimia, Cabo Vilán, Devesa da Rogueira, Pindo, Muíños do Folón... ameazados santuarios da natureza, os que sempre chaman por nós. Beleza natural sen máis aditamentos, espazos merecedores de control, dun "centro de turistas", apartado o obxecto da visita, organizador, previsor de todo canto lle poida cumprir ao visitante para enxergar ese encontro co que é seu a un tempo que se rendibiliza a riada de xente que é onde se move a economía: aparcadoiros para todo tipo de vehículos, servizos, cafetaría, información turística, museo, "merchandaising"... e un sistema de transporte ecolóxico de ida e volta. Cuestións moi resoltas en zonas de interese natural e cultural na Europa civilizada, recursos de identidade e turismo que poñen a proba a madurez sociocultural e política dun pobo.

Branca Villares

Souto

De non ser así, de non planificarse, o recurso maltratado convértese nun monstro depredador, fai o efecto contrario contribuíndo á degradación en progresión xeométrica. Hoxe moitos destes espazos singulares son auténticos atoalladeiros de autocares, ir e vir de xente desorientada, lixo, tenderetes de souvenirs, vendedores ambulantes... a tarxeta postal do estado da cuestión que levan e exportan aqueles que escolleron (entre tanta oferta) estes confíns para investir seu tempo de acougo e seus aforros.

ASUMIR O ESTADO DA CUESTIÓN E PLANIFICAR O HERDO DO FUTURO

Asunción do problema, coordinación das diferentes administracións que contribúen coas súas achegas a gastar fondos europeos (locais, provinciais, autonómicos, estatais...) para planificar o futuro. Aplicar a Lei, vixiar, facer fortes os puntos débiles. Cómpre coñecer e contrastar os éxitos e fracasos doutras experiencias de países con cuestións semellantes, de intervención sobre o corpo físico dun país que condicionou vida e cultura para todos (Irlanda, Bretaña, Escocia, Provenza, Holanda, Suecia, Finlandia...). Vida e cultura para todos, non só para uns.

E velaí a cuestión, aborregar a todos para que decidan só uns. Saber se convén e onde abrir as canteiras, as louseiras, as gravilleiras, as piscifactorías, as papeleiras... sen ir ao fácil, ao penedo sacro da encrucillada que orixinou cultos e identificou no mapamundi o lugar, o promontorio mariño que os devanceiros coidaron para mariscar ou simplemente para gozar da vista que é algo que cada día se busca, non se atopa e se cotiza máis.

Un país de universidades e de sabios, de humanistas que campan nos eidos das ciencias, das letras, das artes, tense que ver por algures, nos medios, nos tempos internáuticos, pero especialmente sobre o chan que pisamos e nos dá vida. Somos o que ofrecemos.

* Felipe Senén é arqueólogo e museólogo.

A RESTAURACION DA VEXETACIÓN DE RIBEIRA EN REGATOS DE PONTE CALDELAS

Fernando Malvar*

Despois da vaga de lumes do 2006 a maioría dos montes ficaron sen as mínimas actuacións que diminuíran o impacto da erosión e da enchente de invasoras foráneas que os repoboan. Aquí imos contar como o esforzo concentrado de moitas persoas e algunhas comunidades de montes foron quen de minimizar os efectos negativos do lume, axudar á natureza a restaurarse e aprendermos que precisamos outro tipo de monte.

Nosa comarca foi "zona cero". Non de balde temos o rural completamente abandonado, e uns montes moi eucaliptizados. Uns días despois de que ardera, con axuda de moitos voluntarios e voluntarias púñase en marcha unha serie de accións sobre o terreo queimado. Había que preparar o solo espido para as primeiras chuvias.

Fixéronse barreiras nas zonas de bagoadas con paus queimados, faixas de retención do solo con ramallos e pedras polas curvas de nivel. Tamén foron depositadas mesturas de sementes ou estrado polas zonas máis vulnerábeis pallas, ou labras para cubrir o solo. Noutras abas máis costentas utilizouse a hidrosementeira. Despois o máis recomendábel era esperar e non facer nada nos montes durante un ano.

PRECISAMOS OUTRO TIPO DE MONTE

Instalouse na mentalidade colectiva que máis alá dos incendiarios, do terrorismo ambiental ou da necesidade da "limpeza" do monte, falla o tipo de monte que temos. Non podemos deixar que as especies invasoras como os eucaliptos e as acacias (nestes lugares) incen a eito e que só se fagan repoboacións con fins a curto prazo. Precisamos zonas onde domine a vexetación autóctona e que teñan a principal función de preservar a biodiversidade e, polo tanto, a función ecolóxica do monte. Zonas que ademais contribuirán a ter unha paisaxe natural, a que o monte cumpra tamén mellor a súa función social e de diversidade produtiva. Neste senso, foi como se xerou a idea e logo o proxecto de restauración das beiras dos regatos en montes de Chaín, Insua e Pazos.

O PROXECTO DE RESTAURACIÓN DA VEXETACIÓN AUTÓCTONA DE RIBEIRA

Este proxecto formouse dende un principio como unha tarefa colectiva e multidisciplinar. A súa redacción final e concreta foi cousa de "Integra futuros sostíbeis", empresa de restauración ambiental e de participación cidadá, sita en Pazos, Ponte Caldelas. A Consellería de Medio Rural, baixo a dirección do Xefe do



Servizo de Montes, Xesús de la Fuente Villar, finanzou o proxecto cun importe total de case 30.000 euros.

UN PROXECTO MULTIPROPÓSITO

Restaurar as beiras de regato con fins ecolóxicos de protección fronte ao lume é algo que moitos imaxinábamos, mais que nunca fora feito nesta comarca. É pois un proxecto pioneiro e que precisa servir de exemplo. Así, ten a mesma importancia que unha obra de restauración ambiental. Estas son as actuacións levadas a cabo a día de hoxe:

- Fixéronse uns doce obradoiros de educación ambiental sobre o monte multifuncional, con materiais propios, saídas de campo e participación na plantación de árbores nas beiras. Participaron máis de 150 rapaces. Priorizouse sempre a participación dos centros de Primaria e Secundaria do Concello, futuros comuneiros/as e veciños/as.
- Participaron uns 90 voluntarios/as. Plantaron árbores de viveiros, espicharon salgueiros, transplantaron bidueiros, arrincaron eucaliptos, recibiron información sobre o proxecto, e bocadillos.
- Para súa difusión local preparouse unha exposición itinerante con dous paneis de 120x80 cm e estase a pasar por todas as comunidades de montes. Nela faise a interpretación sobre o monte multifuncional e o papel ecolóxico dos corredores das bagoadas con debuxos e texto.
- Ademais e para unha información máis detallada e técnica organizáronse unhas xornadas con tres relatorios e unha visita ás zonas de actuación.
- En cada regato onde se fixeron as obras de restauración púxose un panel explicativo da situación de recuperación e dos fins da mesma
- Para rematar era necesario ver o que falta por facer. Elaborouse, pois, un estudo de regato por regato do Concello (non do seu río principal o "Verdugo"). No traballo de campo percorreuse o curso destes pequenos ríos e valorouse por anacos de 50 m a situación do bosque de ribeira, a invasión de foráneas, as pendentes, a vexetación potencial dado o ancho do leito, e a incidencia do lume pasado.

O TRABALLO NO MONTE

- Nunha banda duns 20 metros a cada beira dos regatos, eliminamos especies invasoras, arrincando a man ou cortando os pés grandes e tratándoos con herbicida. Deixamos todos os exemplares espontáneos das árbores autóctonas que atopamos. Onde non había, rozamos pequenas zonas que permitían instalar plantacións novas.
- Ao pé da auga, plantamos amieiros a raíz núa de dúas saibas, e salgueiros de espichos feitos alí mesmo. Nas demais zonas, plantamos bidueiros, sanguiños, avelairas, loureiros e carballos, segundo as condicións de solo, pendente e sombra. Intentamos recrear unha distribución natural, cunha densidade alta de plantas. Non están plantadas en liña porque non fará falla entrar con máquinas.
- As bandas de ribeira non as imos rozar e manter sempre limpas. Pola contra, o sotobosque de ribeira axuda a impedir o lume e ten unha importancia ecolóxica altísima. O único importante é que non lles deixemos aos eucaliptos e ás acacias invadir de novo.

VALORACIÓN FINAL

A nivel xeral o proxecto é ben acollido nas comunidades e na sociedade en xeral. Falta agora que se priorice a súa execución nos planos de ordenación dos montes e que haxa investimentos.

Nun eido máis práctico o rebrote das foráneas é persistente a pesares dos tratamentos efectuados. Teñen que ser proxectos con investimentos previstos en mantemento neste sentido por cinco anos.

Os esforzos deben ir dirixidos máis ao control de invasoras que á propia instalación de autóctonas, xa que, ao menos en zonas ardidas, hai moitísima planta ventureira de bidueiros, salgueiros, sanguiño e outras.

* Fernando Malvar é membro da empresa "Integra futuros sostíbeis".

PARTICIPA. ENTRE TODOS, cada acción conta.
A Auga non fura a pedra pola súa forza senón pola súa constancia

Fotografía: X. Ramón Miranda "Foto gañadora do I Concurso de Fotografía pola Sostibilidade"

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible

CONCELLO DE ABEGONDO

PROXECTOS REALIZADOS 2007 - 2008

- Instalación de placas solares térmicas no pavillón polideportivo de San Marcos.
- Climatización solar da piscina municipal.
- Aforro enerxético no alumeado público.
- Compostaxe caseira (en cooperación con ADEGA).
- Aula da natureza de Abegondo (Crendes) pola divulgación e información ambiental
- Concello seleccionado para o Life+ "Xestión integrada dos recursos hídricos e a súa aplicación no planeamento local do L.I.C encoro Abegondo-Cecebre".

AXENCIA LOCAL DE SOSTIBILIDADE
rúa da Igrexa, 33 - 1º – Mabegondo
5318 Abegondo (A Coruña)

Teléfono: 981 67 35 54
sostibilidade@ayuntamientoabegondo.com
www.abegondo.es

Abegondo
Núcleo de
Sostibilidade

AS UXFOR: FERRAMENTA PARA FREAR O DETERIORO AMBIENTAL

Xosé Antonio Meixide*

O feito de que o 69% do territorio galego sexa superficie forestal, ou monte, non significa que contemos cunha proporción semellante de contorna ambientalmente propicia e óptima. Non significa tampouco que contemos cunha correcta planificación ou ordenación axeitada que integre as funcións produtiva, social e ecolóxica do monte nin que se estea a preservar axeitadamente o patrimonio cultural e forestal que este alberga. E tampouco significa que se estean a aproveitar as múltiples producións que a foresta pode proporcionar. Sendo optimistas, nestes intres apenas o 7% desta superficie conta cunha xestión axeitada.

Isto non é así por razóns simples que se foron agrupando no tempo, senón que teñen o seu alicerce no abandono que sufriu o rural nas tres últimas décadas do século XX e na ocupación de terreos cunha única visión produtivista, malia que a vocación inescusábel e indiscutíbel fose a agrícola, a gandeira, ou mesmo a protectora. Sen embargo, esa visión produtivista do curto prazo soslaiou outros valores e puntos de vista.

Resolver o problema de falta de xestión profesional de moitos dos nosos montes, e compatibilizar isto coa aplicación da sustentabilidade, implica coñecer a estrutura interna do rural galego e da propiedade, polo que, para conseguir unha xestión axeitada dunha superficie suficiente e con suficiente impacto no territorio, é preciso atopar unha solución ao importante fraccionamento da superficie forestal galega.

Para poñérmonos en situación, como punto de partida de moitos dos problemas que lle atinxen á nosa foresta temos que: polo menos hai 600.000 propietarios con pequenas tenzas que, por termo medio non superan os 7 ferrados (a terceira parte dunha hectárea); que o 90% dos propietarios que estaban vivindo no rural e do rural hai 30 anos, agora xa non o fan, habitando e traballando en urbes dentro e fóra de Galiza; e que este propietario, o que máis fixo (sen entrar a valorar se mellor ou peor), foi unha intervención forestadora ou reforestadora sen máis planificación que a do esquema: "PLANTO e CORTO".



Fonte: Consellaría de Medio Rural

Non é difícil comprender entón porqué nos atopamos con importantes problemas derivados deste panorama; algúns tan acuciantes coma os incendios forestais, a degradación ambiental, a subexplotación de recursos, etc.

Nunha clara aposta de cambio de estratexias e tácticas para o combate destas problemáticas vén de artellarse dende a Consellaría do Medio Rural unha serie de medidas para frear a súa incidencia e reverter as súas causas. Estas actuacións están a ter xa repercusión nas 1.270.000 hectáreas, divididas en máis de 6 millóns de pequenas parcelas, que compoñen a superficie minifundista galega.

Así, nunha viravolta, as novas accións no monte teñen unha clara visión preventiva. A Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza amosa unha vocación netamente prevencionista, pero é ademais ambiciosa ao intentar pórlle couto á parcelación do territorio forestal mediante a creación dunha figura con personalidade xurídica propia: as Unidades de Xestion Forestal (coñecidas como as UXFOR). Un instrumento concibido para que, os propietarios cun mínimo de sensibilidade e conscientes das desvantaxes das micropropiedades, poidan xestionar de xeito conxunto o monte e mesmo reorganizar as teselas de forma máis rendíbel.

A importancia desta figura radica en que a xestión e planificación do monte se fai de acordo con instrumentos de xestión forestal e planeamentos preventivos –a escala superior á parcela-, con criterios que teñen en conta a sustentabilidade, a multifuncionalidade e os distintos aspectos que tradicionalmente se consideran na ordenación dos montes: ambiental, social e produtivo. Ademais permite ir máis aló, coa obtención da certificación de *xestión forestal sustentábel* nunha importante parte da superficie forestal, que doutro xeito non sería posíbel.

A regulamentación das UXFOR está desenvolvida no Decreto 101/2008. O

inicio desta singradura pode ser equiparábel ás concentracións parcelarias iniciadas na década de 1960, das que ninguén ignora o mecanismo de funcionamento malia que mudou por completo a realidade que propiciou a súa creación. Hoxe en día, as problemáticas son ben diferentes, pero as ferramentas que poñemos en marcha son igual de ambiciosas, e terán o calado que merecen entre os propietarios non profesionais e entre ese 66% de propiedade forestal minifundista ao que antes nos referiamos.

Calquera propietario con sensibilidade cara ás problemáticas da foresta galega, independentemente do lugar no que se atope e da súa menor ou maior implicación co rural, pode xa facer a súa declaración de interese para a integración das súas parcelas nunha UXFOR. No momento en que se sume superficie suficiente para a creación da mesma nese lugar, a Consellaría proporcionará as ferramentas necesarias para a súa constitución co fin de que os propietarios pasen a beneficiarse das súas vantaxes. Basta pois con que uns poucos queiran para facelo posíbel, e para darlle pulo e liderar este ambicioso proceso de muda do noso País.

QUE SON AS UNIDADES DE XESTIÓN FORESTAL?

Cerna/Redacción

Para superar esta situación minifundista, de proliferación de biomasa forestal sen control e de abandono do monte galego, a Consellaría de Medio Rural creou un mecanismo de xestión de superficies forestais, polo cal varios propietarios reúnen nunha soa unidade de xestión e explotación as súas terras (sen deixar de ser os seus titulares) co propósito de rendibilizar esforzos e beneficios. Este instrumento pensado para ordenar e facilitar accións preventivas contra os lumes en terras minifundistas está contemplado na recente Lei 3/2007 e chámase Unidade de Xestión Forestal (UXFOR).

Cada unha destas unidades debe de ocupar un mínimo de 15 hectáreas, e os seus promotores deben ser ao menos o 50% dos propietarios desa superficie. A creación destas Unidades pode nacer da iniciativa voluntaria dos propios titulares das terras, ou ben ser constituídas de oficio por un Decreto da Administración, tras ser definidas no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais do distrito.

As UXFOR funcionan como entidades xurídicas ou de xestión, con réxime estatutario, e están obrigadas a rexerse por un Plan de Xestión Específico de Ordenación ou Instrumento de Xestión Forestal, no que se contemplen as infraestruturas básicas de prevención contra os incendios e as medidas a adoptar. A través das UXFOR, os propietarios implicados sitúanse nunha posición prioritaria á hora de percibir axudas ou dotacións de infraestruturas, sobre todo aqueles que voluntariamente accedan a participar nesta forma de reorganizar o monte. Obterán ademais outros beneficios como a non deslocalización das parcelas, a posibilidade de representatividade no Plan de Xestión da Unidade, a valorización do terreo, a mellora das infraestruturas no conxunto do monte, o control sobre as ameazas do lume e a posibilidade de percibir rendas periódicas tras a aplicación do Plano de Xestión. Isto último pódese conseguir a través de negociacións entre os propietarios forestais que conforman as UXFOR e entidades financeiras que queiran investir nas plantacións ou nos outros aproveitamentos que se fagan destas unidades.

Por outra banda, as UXFOR contan cun seguro de protección contra os incendios que garante os beneficios económicos das plantacións aínda que se vexan asoladas polo lume. A Consellaría de Medio Rural considera que os propietarios terán máis vontade e disposición para coidar dos seus terreos forestais ao aplicarse unha metodoloxía pola que se asegura un ingreso anual.

Publicado en maio de 2008 o Decreto que as regula, arestora xa existen en Galiza 31 UXFOR, que supoñen máis e 3.000 hectáreas e agrupan 1.130 propietarios forestais e case 4.000 parcelas. Os terreos incluídos nas UXFOR son de características e titularidade diversas, e os obxectivos son tamén variados, desde a compatibilización de aproveitamentos (forestal e gandeiro) e diversificación das especies forestais ata a produción de castañas ou cogomelos.

+ info: http://www.uxfor.info. Tfno.: 881 997 047 / 881 997 195

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO

DEZ ANOS CAMBIANDO O MUNDO DESDE GALIZA

Andrea Manuela García Corzo*

Implicadas/os no desenvolvemento está de décimo aniversario. E é que xa pasou unha década dende que un grupo de persoas puxeron en común a súa forma de entender a pobreza como un problema estrutural e político a nivel mundial e fundaron "Implicadas/os no desenvolvemento" (IND), unha ONG de desenvolvemento, de xénero, aconfesional, apartidaria e crítica coa nosa sociedade.

IND

O ProxectoTiruchy (India) actuou en dez suburbios da cidade

Para dinamitar as bases que sustentan a pobreza, Implicadas/os traballa sobre todo en dous ámbitos. Por unha banda, na sensibilización da cidadanía galega encol da pobreza e inxustizas no mundo, incidindo en que o noso compromiso coas comunidades empobrecidas do Sur debe ser un esforzo permanente que comece por transformar a nosa sociedade, e entendendo a solidariedade como unha actitude ante a vida, como un compromiso permanente a longo prazo, e non como un mero xesto puntual que moitas veces nos serve para 'aliviar conciencias'. Trátase, en suma, de abrir un espazo de participación á cidadanía galega tentando a súa implicación nesta maneira sustentábel de entender a cooperación, pois o cambio estrutural que orixine un mundo máis xusto só será viábel coa implicación da sociedade dos países do Norte.

Porén, os resultados da sensibilización son lentos, co cal cómpre tamén aplicar un segundo ámbito de actuación capaz de mellorar a vida das persoas do Sur de forma máis inmediata. Trátase dos proxectos integrais de cooperación ao desenvolvemento que Implicadas/os apoia na India (dende 1998) e en Etiopía (dende 2004) e nos que colabora sempre a través de contrapartes locais. Nun e noutro ámbito de actuación, Implicadas/os ten como obxectivo reducir as desigualdades que se dan entre os países do Norte e do Sur e erradicar a desigualdade de xénero, xa que mentres esta persista será imposíbel falar de desenvolvemento.

Os dous ámbitos son igual de importantes para Implicadas/os, posto que para acadar a redución das desigualdades hai que traballar nun lado e noutro do ecuador, sen esquecer que formamos parte dun todo interrelacionado. De nada serve investir todos os esforzos en proxectos de cooperación nos países do Sur se iso non fose acompañado pola sensibilización e implicación do Norte.

"Os proxectos baséanse no 'empoderamento' das mulleres, para facelas visíbeis dentro da súa sociedade e capacitalas para a toma de decisións"

PROXECTOS DE COOPERACIÓN

Implicadas/os caracterízase por unha serie de principios que reverten no seu xeito de entender e levar a cabo a cooperación ao desenvolvemento. O primeiro é o traballo en pé de igualdade con organizacións locais dos países obxecto de actuación, ás que Implicadas/os lles finanza proxectos, de xeito que se garanta o respecto cultural, a creación de emprego local e a autosuficiencia das comunidades. Ademais, os proxectos que Implicadas/os apoia son sempre integrais, abranguendo todos os aspectos da vida das persoas e a relación coa comunidade: educación, sanidade, dereitos cidadáns, atención aos discapacitados, tempo de lecer, etc. Os proxectos baséanse no "empoderamento" das mulleres (potenciación do seu papel social comezando desde o ámbito persoal e familiar), para facelas visíbeis dentro da súa sociedade e capacitalas para a toma de decisións en consonancia co obxectivo de superación da discriminación de xénero. Por iso, os proxectos, alén de acompañamento, motivación e axuda, ofrecen outro aspecto de grande valor para as beneficiarias: a formación. Dende a alfabetización á capacitación laboral, pasando por aspectos sanitarios de prevención de enfermidades, ou de detección e prevención da violencia de xénero, as beneficiarias teñen a oportunidade de descubrir outra forma de vivir a propia vida e de incidir na comunidade con voces autorizadas e valoradas.

Implicadas/os debe ofrecer garantías de que non se creará unha dependencia entre a comunidade e a ONG. Pola contra, serán proxectos que incidan na autosuficiencia da comunidade beneficiaria poñendo en valor os seus propios recursos e dereitos, apoiándose fundamentalmente no asociacionismo e na formación de grupos de traballo e aforro (cunha adaptación da técnica do microcrédito, que supón o préstamo a persoas pobres que non poden acceder ao crédito bancario) e creando verdadeiras redes de axuda e de apoio entre comunidades.

"Os proxectos apóianse no asociacionismo e na formación de grupos de traballo e aforro, cunha adaptación da técnica do microcrédito"

TRABALLO EN GALIZA

Xa en Galiza, Implicadas/os promove un traballo integral de voluntariado. Na súa práctica totalidade, funciona co esforzo voluntario das/os socias/os e simpatizantes e, ás veces, con contratacións temporais de persoal especializado non existente no voluntariado. Para Implicadas tamén é fundamental o traballo en rede, a colaboración con outras organizacións xa existentes en campañas conxuntas e actividades de todo tipo, agrandando así a forza e a calida-

de do movemento das organizacións ante a sociedade civil e gobernamental.

As actividades de sensibilización que se desenvolven en Galiza son moitas e diversas, nas que destacan as conferencias en distintos contextos e sobre variadas temáticas, como o microcrédito, a cooperación internacional, o enfoque de xénero, etc. Fanse exposicións temáticas como "O son das Buguinas", baseado no libro que leva ese mesmo título; "Voces dende Tiruchy", baseada no proxecto de cooperación de Tiruchy (India); "Penso, logo actúo", "Maquila boutique", para reflexionar sobre as condicións de explotación nas que traballan as mulleres no téxtil; ou "10x10 Implicadas", exposición conmemorativa do décimo aniversario da ONG. Implicadas/os participa en feiras de toda a xeografía galega; charlas en centros educativos, como "A Auga en Etiopía" impartida nos centros de Rosalía de Castro, Lamas Abade e Xelmírez I en Compostela, coa colaboración de ADEGA; clubs de lectura celebrados en Lugo ou en Vigo; actividades relacionadas co lecer e a cultura, como recitais de poesía, concurso de microrrelatos, festival de música Implícate!; e finalmente, unha disposición continua a informar e formar no eido da cooperación en xeral ao voluntariado de Implicadas/os no Desenvolvemento e a calquera persoa interesada allea á organización.

IMPLÍCATE

Para poder seguir cambiando o mundo dende Galiza estamos abertas a calquera tipo de colaboración e suxestión.

Implícate e participa connosco!!

www.implicadas.org

info@implicadas.org

IND

Grupo de Aforro de mulleres beneficiarias do Proxecto Mersa

* Andrea Manuela García é técnica de proxectos de Implicadas/os no Desenvolvemento.

IND

As mulleres de Mersa (Etiopía) camiñan 4 ou 5 horas diarias para obter auga

PROXECTOS NA INDIA E EN ETIOPÍA

Na actualidade Implicadas/os no Desenvolvemento finanza e apoia dous proxectos na India e outros dous en Etiopía.

Proxecto en Tiruchy (India): Desde o ano 2003, o proxecto de Desenvolvemento Urbano de Tiruchy fixo avanzar ás comunidades e a firme decisión das mulleres de iniciar un camiño para o que non hai volta atrás. O proxecto finaliza este ano naquelas comunidades que xa poden evolucionar soas.

Proxecto en Karaikal (India): Tras o tsunami de 2004 no sueste asiático, Implicadas/os e a súa contraparte PDI decidiron presentarse en Tamil Nadu, unha das zonas máis afectadas. Despois de accións de emerxencia, apreciouse o desmembramento das comunidades, recolocadas en asentamentos que proviñan da axuda internacional pero nos que había outro tipo de carencias. O sufrimento destas comunidades fixo que os asentamentos se convertesen en "lugares pantasma", ao lado das casas ben construídas, onde se amoreaba a miseria e a falta de expectativas. Implicadas/os tentou recuperar a zona, non desde o punto de vista infraestrutural, senón desde a atención directa ás persoas e o desenvolvemento integral das comunidades.

Proxecto en Addis Abeba (Etiopía): O número de nenas e nenos que sofren pobreza extrema en Etiopía é moi elevado. O analfabetismo, a morte por enfermidades que son curábeis na nosa sociedade, o traballo en situacións de perigo, o abuso físico e sexual, a orfandade ou a infección do VIH son algúns dos problemas que fan que moitos destes rapaces/as acaben na rúa en situación de absoluta vulnerabilidade. A organización local OPRIFS vén traballando desde o ano 2000 con meniñas da rúa expostas a todo tipo de abusos. Por outra banda, a pandemia de SIDA que asola ao continente africano fai que actualmente o número de mulleres cabeza de familia sexa moi elevado, cos problemas económicos e de exclusión social que isto comporta. Este proxecto (de 'empoderamento' de mulleres) pretende mellorar a súa situación, crear acceso a servizos e aforro para traballadoras e integrar temas transversais como a sensibilización sobre os dereitos das mulleres e das nenas e a prevención do VIH/SIDA.

Proxecto de North-Wollo (Etiopía): As beneficiarias do proxecto son mulleres analfabetas e as máis pobres, que viven en dous kebeles (comunidades) de Mersa, nas montañas do norte do país. Na zona, non hai experiencias previas de asociacionismo entre mulleres polo que o obxectivo principal do proxecto é a creación de grupos de autoaxuda que lles permitan debater sobre as súas preocupacións e problemas, ao tempo que espertan nelas o hábito do aforro e da participación en actividades xeradoras de ingresos.

RESIDUOS VOLUMINOSOS E ELECTRÓNICOS

Ramsés Pérez

Pinturas, vernices, frigoríficos, restos de podas, aceites de motor, colchóns, lámpadas florecentes, computadoras son algúns dos residuos domiciliarios que non deben botarse nos contedores de recollida selectiva. Algúns poderían coller por espazo pero non o deberían facer pola súa composición. Aínda que teñan un baixo impacto, ao xuntalos, podemos crear auténticas bombas químicas. Por esta razón débense xestionar separadamente en puntos limpos. Dos tóxicos xa nos ocupamos na Cerna 42, desta volta centrarémonos no crecente lixo electrónico.

Ramsés Pérez



Os residuos voluminosos requiren unha recollida semellante á selectiva

OS PUNTOS LIMPOS

Moitos obxectos de uso habitual nos domicilios conteñen substancias perigosas para a saúde e o medio e deberían ser obxecto dun tratamento especial, xa que ademais de contaminar o solo e as augas, contaminan outros materiais que poden ser facilmente recuperábeis. Por exemplo, un aceite de fritir que se tire cos restos orgánicos, ou co papel, ou mesmo polo vertedeiro, impedirá a súa reciclaxe e contaminará á auga ou os residuos cos que entrou en contacto. Unha solución axeitada sería levalo a un punto de recollida ou empregalo para facer xabrón.

Este tipo de residuos teñen un lugar específico para depositalos, os puntos limpos. Son instalacións nas que deixar residuos que, ben pola súa cantidade (podas, recollida de follas, etc.), ben pola súa perigosidade, non se deben retirar polos servizos de recollida selectiva. Alén dos que apuntamos ao comezo, nos puntos limpos pódense depositar residuos electrónicos (teléfonos móbiles, computadoras...), chatarras e escombros de obras domésticas, medicamentos, termómetros... Porén, cada punto limpo ten o seu tipo de recollida polo que é importante informarse da clase de residuos que admiten.

O LIXO ELECTRÓNICO VAI A MÁIS

Teléfonos móbiles, computadoras, aparellos de música, televisores, etc., teñen en maior ou menor medida unha vida limitada. Os electrónicos e eléctricos supoñen case o 5% dos residuos que se xeran en Europa, e a súa cantidade non para de incrementarse. No Estado español, isto supón un volume nada despreciábel: entre 100 mil e 160 mil toneladas. Se a este lixo doméstico lle sumamos o xerado pola industria e o comercio, a cifra ascendería a 200 mil tn/ano. A pregunta que nos xurde é como reducir o seu uso ou que facer con eles unha vez que se estraguen.

Estes aparellos conteñen substancias tóxicas que afectan ao medio e á nosa saúde se non reciben unha xestión axeitada. Alén da mestura de plástico e vidro, temos que destacar substancias químicas como o chumbo, mercurio, litio, bromo... presentes nas diferentes partes destes aparellos, que rematan habitualmente en vertedoiros ou incinerados liberando sustancias contaminantes ao ar, ao solo ou á auga. A outra opción, cada vez máis frecuente na actualidade é a de enviar estes residuos aos países en desenvolvemento, como China ou India, onde se lle dá unha máis que dubidosa xestión.

A primeira solución para este lixo sería reducir a súa adquisición, algo complicado nunha sociedade de consumo onde mudar de móbil cada pouco significa estar ao día, ou facerse cun computador cada dous ou tres anos é unha "necesidade", xa que se queda obsoleto e non ten a mesma velocidade e capacidade que o resto. Desafortunadamente imos no camiño contrario. Cada vez saen máis produtos electrónicos ao mercado e cunha vida máis corta, é dicir máis residuos. De feito, e segundo o PNUMA (Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente), o lixo electrónico tri-

Ramsés Pérez

Depositar cada residuo no seu contedor é fundamental para evitar problemas ambientais e de saúde

plicarase en 2010, do que moito irá parar ao terceiro mundo.

A outra solución, atendendo a estas cifras, vai na liña de reducir a cantidade de compoñentes tóxicos, facelos reciclábeis ou aumentar a posibilidade de actualizar determinadas pezas ou elementos.

O PNUMA ten advertido que os países desenvolvidos están enviando residuos electrónicos perigosos aos países máis pobres, nomeadamente á China e India, denuncia realizada na Convención de Residuos Perigosos de Nairobi en Kenia. A rexión chinesa de Guiyu é un dos destinos destes residuos onde as consecuencias son desastrosas: auga, solos e cultivos contaminados en 30 km. O seu depósito inaxeitado libera ao medio substancias perigosas químicas e metais pesados. Pero o problema non está só nos residuos. As cadeas de fabricación tamén teñen o seu impacto, principalmente na saúde dos/as traballadores/as. Greenpeace e outras organizacións de México (onde se atopan boa parte dos maiores produtores de electrónica) teñen denunciado esta situación, algo que as empresas coñecen. De feito, os/as traballadores/as dedicados a soldar e reparar circuítos electrónicos son cambiados e rotan de traballo cada pouco. Solicitan estas entidades, que se adopte o marco europeo da Directiva de Restrición de Substancias Perigosas e que se eliminen os metais pesados, retardantes bromados e o PVC. Nestes países, dos aparellos aprovéitanse o cobre das lámpadas dos monitores, o ouro de determinados contactos eléctricos... por unha cantidade irrisoria de 1,50 € ao día e baixo unhas medidas de seguridade ridículas.

Materiais da computadora con efecto perigoso

- Monitores planos; mercurio, afecta ao cerebro e ao sistema nervioso.
- Monitores de tubo catódico; chumbo, dana os sistemas nervioso, sanguíneo e reprodutivo.
- Tarxetas de circuíto e cubertas de plástico; retardantes de flama bromados, son neurotóxicos, reducen a aprendizaxe e afectan á memoria.
- Baterías e conexións; cadmio, afecta a ósos e riles.
- Capas de metal, contén cromo que é cancerígeno.
- Transistores; arsénico.
- Semicondutores e chips; berilio, é cancerígeno.

(Computadora: 46% plástico e silicio, 20% ferro e 14% aluminio, outros)

Os materiais recuperados empréganse para diferentes obxectos, por exemplo, o plástico reciclado das impresoras úsase para fabricar a parte externa dos disquetes ou culleres de plástico.

OS 3Rs

A xerarquía dos tres erres ten a súa aplicación, nesta ocasión, como ao resto dos residuos. O mellor lixo é o que non se produce, polo tanto é preferíbel evitar xeralo. Os móbiles son un bo exemplo do desvaldimento de recursos, pois moitas das veces non son substituídos porque deixen de funcionar, senón porque sae ao mercado un modelo máis actual e "deixa de estar de moda".

A redución de residuos electrónicos, o arranxo ou mesmo a recuperación e reciclaxe dos metais e doutros compoñentes aforra o impacto derivado do proceso de extracción, así como, do proceso de transformación deses metais. Estímase que, deste xeito, xeraríase un 98% por cento menos de rexeites.

ALGUNHAS IDEAS PARA BOTAR UNHA MAN:

- Tenta reparalo, moitas veces a avaría pode ser dunha peza facilmente substituíbel.
- Se non o precisas, regálao ou intercámbiao.
- Hai organizacións e entidades que se dedican á recollida de equipas que reparan e destinan a proxectos educativos. (www.fundaciónbip-bip.org).
- Mércao en establecementos onde permitan deixar o vello aparello, ao adquirir o novo.
- Lévao a un punto limpo.
- Á hora de mercar un novo, que sexa duradeiro e reciclábel.

Ramsés Pérez

Aínda é frecuente atopar vertedeiros incontrolados de residuos voluminosos en Galiza

Substancias perigosas e afeccións na saúde

	Substancia	Situación	Afecta
1	Chumbo	Soldaduras e tubos catódicos	Sistema nervioso, sanguíneo e reprodutivo
2	Arsénico	Ídem dos antigos	
3	Trióxido de aluminio	Retardante do lume	
4	Polibromados retardantes de flama	Cabos, cubertas e taboleiros dos circuítos	Neurotóxicos, reducen a aprendizaxe e memoria
5	Selenio	Taboleiros de circuítos	
6	Cadmio	Ídem e semicondutores	Ósos e riles
7	Cromo	Anticorrosivo	Cancerígeno
8	Cobalto	No aceiro para estrutura e magnetividade	
9	Mercurio	Interruptores e cubertas	Sistema nervioso e reprodutivo

A VÍBORA, PERIGOSA PERO NON TANTO...

(CONTOS DO TIO-VIVO)

Pepe Salvadores*

O verán arrecende a herba seca, soa o rular, é tempo de cabaliños do demo, de escalos, de coellos ou de víboras. E de víboras vai este comentario.

Na Galiza temos dúas especies de víboras: *vipera seoanei* e a *vipera latastei* ou víbora fociñuda. A pesares da mala sona difundida contra moitos animais da nosa fauna, se non temos alerxias especiais, só as víboras poden facernos pasar apuros. As víboras teñen veleno, aínda que non tan potente como se cre, e ademais podémolas atopar en moitos hábitats, incluíndo as zonas húmidas ou mesmo na auga. Non hai rexistradas defuncións por trabada de víbora, aínda que, de cando en vez, escoitamos casos de xente que foi atendida por causa da mordida deste réptil. Eu recordo un caso en Bergantiños, dunha persoa que traballaba no campo. Lembro tamén outro curioso suceso en Lugo, onde unha rapaza fora trabada por unha víbora que estaba agochada nun carrusel de feira. O pasado verán, a miña compañeira Carme, relatoume o caso do seu sobriño naturalista a quen picara unha víbora en Mera, despois de manipular reiterada e inconscientemente o velenoso ofidio. Por certo, o rapaz non quedou traumatizado e aínda anda detrás das serpes cando dá con algunha no campo.

Pero para min o país das víboras é Donalbán, en Laxosa, no Concello de O Corgo. O primeiro encontro (van aló varios anos) foi cando un paxariño desesperado armaba un gran barullo tentando chamar a atención de calquera que puidera liberar os seus poliños dunha ameaza mortal. A estratexia liberadora funcionoulle ao paxariño e fun ver que pasaba na sebe da que saía tal escándalo. Cando me acheguei vin a serpe, unha víbora que tentaba subir polo arbusto. Ao sentirme, a depredadora tentou fuxir a carón do muro, pero como a queríamos observar de preto, tentamos pillala mentres que Rosario, a tía do meu cuñado, marchaba berrando moi espantada, pois o arreguizo que lle producen as cobras fáiselle insoportábel.

Pepe Salvadores

Víbora en Donalbán (O Corgo, Lugo)

Noutras ocasións teño visto a víbora esmagada, o seu inconfundíbel debuxo do lombo formando parte do camiño. A última experiencia foi este mesmo verán no que voltamos ver outra víbora dentro da finca, onde está a casa da miña irmá e do seu home. Este inquietante descubrimento motivou ao meu sobriño Perico a contarme o caso dun veciño: O home tentaba subir un balado cando sentiu unha picada nun pé e viu algo entre as herbas. Estaba o home nunha zona apartada onde chamar por alguén sería tarefa inútil. Decidiu voltar para casa, e custoulle. Doíalle a perna, denegrida e inchada. Cando chegou, non pediu axuda. É un home dos de antes e fixo o que lle veu á cabeza, meter o pé en auga moi quente e moi fría alternativamente. A auga púxoa á máxima temperatura que podía soportar e acabou escaldando o pé. Seica chegou a esfolalo como se fose a muda da cobra. Naturalmente o médico cando se decatou botoulle unha boa reprimenda.

Na antigüidade, recoñecíanlle propiedades curativas contra a picadura dunha víbora a unha planta coñecida como *Echium vulgaris,* tamén chamada soaxe ou borraxa brava. Hoxe está descartado este remedio e outras prácticas caseiras, como o de abrir un corte na ferida e chuchar o sangue. O aconsellado é facer o seguinte: manter a calma para non aumentar o ritmo cardíaco; poñer un torniquete non demasiado apertado; e acudir a un centro médico para que apliquen, se o consideran oportuno, os antisoros necesarios. Na actualidade ter complicacións graves por mor dunha víbora non está xustificado.

Convén saber que a víbora é especie protexida polo Convenio de Berna e que non son agresivas. Son asustadizas e fuxidías, sobre todo da xente. Cando se ve por primeira vez, un dáse de conta de que é diferente ao resto das cobras. É recoñecíbel polo debuxo dorsal que semella un ziguezague e polo corpo gordecho que se estreita no pescozo antes da pequena cabeza triangular. O "V" debuxado na cabeza e os ollos ca meniña (santiña) vertical son definitivos para recoñecer a Víbora, señora de todas as cobras, respectada por todas as criaturas. Claro que sempre hai excepcións, coma a do ourizo cacho, que se bate cunha, encantado a papa.

FLORA DE GALIZA FAUNA E FLORA DE GALIZA FAUNA E FLORA DE GALIZA FAUNA E

galicia**calidade**

www.galiciacalidade.es

cos ollos pechados

Só os mellores produtos e servizos se elixen cos ollos pechados.
En Galicia Calidade seleccionamos as marcas de maior prestixio.

Novo Programa LEADER de Galiza 2007- 2013

Construíndo un Novo RURAL

O novo Programa Leader de Galiza 2007-2013 é unha oportunidade para que a poboación galega elabore a estratexia do futuro que quere para o seu territorio e decida o mellor destino dos fondos públicos, para o que cómpren os seguintes pasos:

1_ Formar os Grupos de Desenvolvemento Rural, integrados por todas as entidades, tanto públicas coma privadas, que desexen implicarse no desenvolvemento da súa zona.

2_ Plantexar as principais posibilidades, oportunidades e necesidades de cada territorio nos ámbitos agroforestal, medioambiental, de diversificación económica e de mellora da calidade de vida.

3_ Presentarse á convocatoria do Programa Leader que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) ten aberta ata o próximo 16 de setembro.

Máis información: http://agader.xunta.es

FEADER Europa inviste no rural

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL